- Vai a Consellaría de Educación facer unha valoración do acontecido, explicando os motivos da falta de coordinación entre as instrucións dadas polo goberno central e as que transmitiu a administración autonómica aos centros educativos a fin de que non se volva a repetir esta situación, deixando ás familias galegas coa inseguridade de poder deixar ou non ás súas fillas e fillos nas escolas?

- Vai asumir a súa responsabilidade con respecto á descoordinación na información facilitada ás familias e aos centros, que provocou novamente que esta tarefa de toma de decisións sobre a custodia do alumnado quedara en mans das direccións dos centros, a quen non lles corresponde?

- Porque a Consellería de Educación non seguiu as instrucións emitidas polo Goberno Central que debía xestionar a crise de Emerxencia Nacional, segundo lle solicitou o Goberno do PP na Xunta de Galiza, facendo unha rectificación do primeiro comunicado de xeito inmediato?

- Vai a Consellería elaborar un protocolo de comunicación e actuación en casos de emerxencia ou catástrofes para ter informada debidamente a toda a comunidade educativa en tempo e forma?

- Presentará a Consellería de Educación un sistema alternativo de comunicación ou aviso para casos como o acontecido de caída dos sistemas de telecomunicación?

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Cristina Fernández Davila
Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 02/05/2025 11:41:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Brais Ruanova Vilas-Boas, Carmela González Iglesias, Ramón Fernández Alfonzo e Daniel Pérez López, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á calidade de subministro eléctrico, aos indicadores de medida e as indemnizacións que reciben os consumidores.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado luns 28 de abril, o Estado español sufriu un apagón total do seu sistema eléctrico, o que se denomina un “cero”. Este apagón, como non pode ser doutra maneira, tamén afectou á Galiza na súa totalidade, así como á veciña República Portuguesa.

Case unha semana despois de terse producido, non temos ningunha certeza sobre que causas foron as que desencadearon o desastre, nin por que o propio sistema non foi quen de parar a progresión do fallo, ata chegar ao cero total na península ibérica.

O que si temos claro é tanto o modelo económico como o modelo técnico do mercado eléctrico, teñen que mudar.

Respecto a este último cabe pensar que o máis sensato é que o sistema se poida illar por zonas, evitando un colapso total do mesmo; e neste punto é onde cobra un unha especial relevancia o papel que Galiza xoga no escenario enerxético estatal.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Papel relevante en canto ao seu carácter de exportador de enerxía eléctrica, e compre recordar que so nos últimos cinco anos Galiza exportou o 35,74% de toda a enerxía que xerou, cubrindo a totalidade da súa demanda con enerxía renovable.

Relevancia tamén no protagonismo que a enerxía hidráulica ten no mix enerxético galego, representando máis do 30% da xeración neta de electricidade. E tamén fornecendo ao sistema de seguridade e inercia, tal e como se viu na xestión que Rede Eléctrica de España fixo para repoñer o servizo.

Por iso podemos cuestionar abertamente que se dese prioridade a outras zonas do estado antes que a Galiza, a pesares de que boa parte da enerxía se sacase das centrais hidráulicas galegas.

A respecto do modelo económico que rexe o mercado, compre mudalo dende a base. No BNG sempre fomos críticos co sistema de fixación de prezos do mercado eléctrico, que asigna o mesmo prezo en cada hora que á última tecnoloxía en entrar, que é sempre a máis cara.

Agora toca ser críticos tamén cos mecanismos e mercados que se encargan de aportar seguridade ao sistema eléctrico. Non é de recibo que mecanismos críticos, dos que depende que diante dun fallo teñamos ou non luz nos nosos fogares e nas nosas empresas, estean baixo a especulación económica.

Parece máis ca necesario, á hora de responder diante dun problema, tal e como se viu o pasado luns, que as ferramentas para que controlen o mercado eléctrico non poidan ser obxecto da cobiza de grandes empresas multinacionais.

É o momento de cuestionarse a participación pública no sistema eléctrico. É a hora de contar cunha empresa de capital 100% público que poña os intereses da cidadanía por diante dos intereses económicos das empresas do oligopolio eléctrico.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No BNG apostamos por esa empresa enerxética pública e galega, con competencias directas na rede de distribución. Pero tamén apostamos por desenrolar un gran centro de investigación en materia de almacenamento enerxético e redes eléctricas que deseñe un novo modelo de rede que dea resposta a unha alta penetración de enerxía renovable, ofrecendo seguridade para os consumidores. A Xunta, lonxe de recoller estas demandas do BNG, prefere esquivar a súa responsabilidade e pasarlle a pelota ao goberno central, cando a cousa se pon fea.

Os feitos demostran que, unha vez máis, o papel que xoga Galiza como unha das comunidades máis solidarias de todo o estado a nivel de enerxía eléctrica, unha das comunidades que máis flexibilidade achega ao sistema ibérico da electricidade, non se ve xustamente recompensada por este feito.

No canto de desfrutar dunha tarifa propia que lle permita á empresa galega ser máis competitiva, que permita rematar co dato da vergoña – Un 21,6% de fogares galegos está en pobreza enerxética- Galiza é solidaria a cambio de nada.

A calidade do subministro eléctrico é o conxunto de características, técnicas e atención e relación cos consumidores e, se é o caso, produtores, requiridas para a subministración de enerxía eléctrica das empresas que desenvolvan actividades destinadas á subministración de enerxía eléctrica. Sendo, como é, un ben básico indispensable, a calidade do subministro eléctrico debería ser obxecto de estandarización e de vixilancia.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Cales foron a primeira e última poboación en recuperar o servizo eléctrico após do apagón?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Cal foi a velocidade media de recuperación do servizo?
3. Ten a Xunta cuantificadas as perdas por este acontecemento?
4. Que servizos críticos se viron afectados, e como responderon?
5. Cal foi a incidencia nos servizos hospitalarios?
6. Os pacientes con servizo esencial correron algún risco?
7. Ten a Xunta estudado como garantir o servizo eléctrico aos equipos de hospitalización a domicilio?
8. Ten a Xunta un plan de continxencia para estes casos?

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2025

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**
Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 05/05/2025 10:36:49





Á MESA DO PARLAMENTO

María Carmen Rodríguez Dacosta, Carlos López Font e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O día un de maio, Día Internacional do Traballo, eramos coñecedores a través dun xornal local que o pasado 11 de abril un grupo de refuxiados malienses sufrían presuntamente un acto racista protagonizado por un empregado da compañía adxudicataria.

Os mozos encóntranse formando na Fundación Laboral da Construción e o citado día cando volvían do centro en Vilamarín, onde estudan de luns a venres dende hai dous meses ata o albergue xuvenil de Allariz no que residen.

Os mozos subíronse na estación de autobuses, pero na primeira parada, na Avd. Juan XXII, o autobús estaba completo e ante esta situación, o condutor os foi sinalando un por un, e obrigounos a baixar do vehículo para que entraran as persoas usuarias que estaban esperando fóra.

Ante este intolerable e grave caso de racismo acontecido en Ourense, as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Que medidas vai adoptar ou adoptou a Xunta de Galicia en relación coa empresa adxudicataria ante o grave caso de racismo acontecido en Ourense cos mozos malienses que cursan formación na Fundación Laboral da Construción?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2025 11:02:44
Nº Rexistro: 24841
Data envío: 05/05/2025 11:02:44.465

2. No caso de que os feitos dean lugar á apertura dun proceso penal a Xunta de Galicia vai comparecer no proceso?

Parlamento de Galicia 5 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 05/05/2025 10:38:42

Carlos López Font na data 05/05/2025 10:38:55

Paloma Castro Rey na data 05/05/2025 10:39:04

CSV: BOPGDSPG-ISBACI0J-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

83818

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o informe de avaliación da afectación da macrocelulosa ALTRI sobre a protección do patrimonio cultural.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o BNG acabamos de coñecer o informe sectorial da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural relativo á afectación que a macrocelulosa que se prevé instalar en Palas de Rei pode provocar sobre o patrimonio cultural catalogado na contorna, nomeadamente sobre o Camiño Francés a Santiago de Compostela.

Segundo o mencionado informe, este é resultado de sucesivas peticións de documentación á empresa promotora, ao longo dun ano, á vista de omisións e discordancias na documentación relativa ao proxecto de instalación dunha fábrica de fibras téxtiles a base de celulosa, aos efectos de garantir a salvagarda da protección do patrimonio cultural.

O informe recoñece que o proxecto de ALTRI presenta afectacións sobre o Patrimonio da Humanidade que é o Camiño, debido ao impacto visual nun tramo do Camiño Francés pola presenza de varias infraestruturas de altura que reducirán a calidade visual da zona.

Asemade, do resultado da avaliación tamén se conclúe un impacto importante, polos cambios que xeran no seu contorno, sobre o Castelo de Pambre o Castro de Remonde.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Entre as medidas correctoras ou compensatorias que o devandito informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural achega para paliar a afectación sobre o patrimonio cultural e minimizar o impacto visual da fábrica, propónse incrementar o apantallamento vexetal da zona afectada.

Asemade, en relación ao elemento de maior impacto visual, ademais de contaminante, a cheminea de 75 m, o informe propór “harmonizala” coa contorna para convertela nunha “icona” de forma que “converta o complexo industrial nun elemento arquitectónico atractivo”. Tamén propón pintala de cores que se “mimeticen coa contorna” e buscarlle “usos alternativos”.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Considera a Xunta que o informe asinado pola directora xeral de Patrimonio Cultural preserva o valor e a protección de todo o patrimonio cultural e mais do Camiño de Santiago como Patrimonio da Humanidade ao seu paso por Palas de Rei e concellos limítrofes?

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 05/05/2025 12:50:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á situación do edificio da praza de abastos de Viana do Bolo rehabilitado a través do Plan Hurbe da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Viana do Bolo é un concello situado no oriente ourensán no linde xeográfico con Castela León na provincia de Zamora nas terras de Porto e Pías. Estamos nun concello que ten unha poboación de 2736 habitantes, segundo o censo de 2024, nunha superficie de 256 km², o que nos confire unha densidade de poboación duns 11 hab/km².

Estamos nun concello que ten numerosas eivas, e a modo de exemplo podemos resaltar os problemas nos servizos públicos como no tocante a sanidade, falla de pediatras ou servizos sociais tanto na atención a infancia como a falla de prazas na escola infantil, como na atención a grande cantidade de xente maior que temos como pode ser a falla dun centro de día. Tamén temos problemas nas infraestruturas concretamente nas vías de comunicación como a OU-533 que atravesa o concello de norte a sur incluíndo a capitalidade municipal e que se puxeron de manifesto numerosas veces a Xunta de Galiza.

A historia política recente desta marabillosa terra está condicionada pola moción de censura levada a cabo por concelleiros do PP e tráfugas que saíran elixidos nas listas do PSOE contra o alcalde do BNG no ano 2020.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No ano 2022 o goberno do PP negociou coa dirección xeral de ordenación do territorio e urbanismo dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e dentro do plan HURBE 2019-2022 o financiamento dunha obra consistente na rehabilitación do edificio da praza de abastos. Esta obra foi orzamentada en 695.512 €; dos cales a consellería aportaría o 70 %, é dicir 468.858 € e o concello de Viana do Bolo 208.653 € que representa o restante 30%

Esta obra megalómana non tiña ningunha utilidade e así o pensaba a maioría das veciñas e veciños de Viana do Bolo. En realidade non se tratou de rehabilitar un edificio se non que finalmente consistiu en derrubar o edificio existente e construír outro similar; aínda que con elementos de menor calidade como a cuberta que pasou de ser de lousa a chapa metálica.

Este acordo foi refrendado no pleno do Concello de Viana pola maioría conformada polo Partido Popular e os tránsfugas. Neste acordo plenario tamén se acordan os trámites necesarios para que a consellería se faga cargo da execución de dita obra.

A obra de rehabilitación da praza de abastos foi sacada a concurso e adxudicada en agosto do 2022 cun prazo de execución de 12 meses. En teoría a día de hoxe esta obra está rematada; iso si non se abriu, nin se lle deu ningún uso.

Dende o BNG preguntamos varias veces no pleno do concello por esta custosa obra. Case tres anos despois da contratación e anos despois de rematada o edificio está pechado e o alcalde de Viana do Bolo nunca da unha explicación, tanto ao desembolso económico da rehabilitación nin tampouco a que se vai dedicar.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que valoración fai a Xunta de Galiza desta obra na que se investiron unha inxente cantidade de fondos públicos?
- Que criterios tivo en conta a Xunta de Galiza a hora de adxudicar 600.000 € de fondos públicos a esta obra innecesaria?
- Pensou a Xunta de Galiza no nulo interese das veciñas e veciños de Viana do Bolo a hora de empregar esa inxente cantidade de fondos nesta obra megalómana?
- Rematou a obra de rehabilitación da praza de abastos de Viana que xestionou consellería de medio ambiente territorio e vivenda dentro do plan HURBE?
- Recibiu esta edificación arranxada o concello de Viana do Bolo?
- Hai algún problema burocrático entre o concello de Viana do Bolo e a Xunta de Galiza?
- Cumpriu a parte que tiña asignada o concello de Viana do Bolo no convenio entre as dúas administracións?
- Cumpriu a antiga Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a parte que tiña asignada no convenio asinado entre as dúas administracións?
- Ten constancia a Xunta de Galiza de que esta edificación está pechada sen uso de ningún tipo?
- Vai esixir a Xunta de Galiza, como administración que executou a obra e financiou co 70 % do orzamento, que se lle uso?

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2025

Asdo.: **Secundino Fernández Fernández**
Deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 05/05/2025 13:08:50





Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro, María Elena Espinosa Mangana, Carmen Rodríguez Dacosta e Carlos López Font, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

As cidades galegas atopáronse na época do desenvolvemento dos anos oitenta do século pasado cun crecemento exponencial que tiveron diferentes consecuencias. Unha delas foi o crecemento de diferentes asentamentos chabolistas nas súas estribacións.

A diferenza doutros asentamentos que xurdiran nestas condicións no desenvolvemento dos anos sesenta, estes tiñan como característica que foron establecidos na súa maior parte por veciños e veciñas de etnia xitana. E moitos deles, debido a debilidade da súa situación económica e a súa marxinação social pola estigmatización que supoñía a súa procedencia, foron o núcleo onde se comerciou coa entrada de sustancias estupefacientes. Precisamente porque nada tiñan que perder con respecto ao resto da veciñanza.

Poboados como Penamoa, Vao, Carqueixo... creceron ao amparo dunha sociedade que sempre precisou ter “un patio de atrás” no que se escondía aquilo que as cidades non querían mostrar en primeiro plano.

A día de hoxe, aínda persisten asentamentos nos que fan falla recursos para abrir ás portas á poboación xitana para que poidan optar a unha integración plena no seu entorno. E o primeiro paso é o de erradicar na súa totalidade as infravivendas a través dun plan galego para a inserción dos seus habitantes.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2025 13:54:18
Nº Rexistro: 24865
Data envío: 05/05/2025 13:54:18.171

Por tal motivo, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Vai por en marcha o goberno da Xunta de Galicia un plan de erradicación de infravivenda para as cidades galegas?

Santiago de Compostela, a 5 de maio do 2025

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 05/05/2025 13:50:55

Elena Espinosa Mangana na data 05/05/2025 13:51:03

Carmen Rodríguez Dacosta na data 05/05/2025 13:51:12

Carlos López Font na data 05/05/2025 13:51:21





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2025 10:05:00
Nº Rexistro: 24930
Data envío: 06/05/2025 10:05:00.941

Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro, Julio Abalde Alonso e Carlos López Font, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esta mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As infraestruturas desempeñan un papel clave no desenvolvemento de Galicia, xa que facilitan a conectividade, estimulan a actividade económica e aseguran o acceso equitativo aos servizos públicos. A súa mellora e expansión axudan a reducir as diferencias entre territorios, fortalecen o sector produtivo e elevan a calidade de vida da poboación. Así pois, investir en infraestruturas é fundamental para o desenvolvemento sostible e equilibrado de Galicia, asegurando a súa competitividade e benestar futuro.

A proposta de creación dun Consorcio Metropolitano de Transporte na área da Coruña xorde como resposta ás múltiples deficiencias detectadas no actual sistema de transporte público que conecta a cidade coa súa contorna metropolitana. Esta iniciativa, impulsada por varios concellos como Oleiros, Cambre, Culleredo e Sada, busca mellorar a coordinación, a eficiencia e a calidade do servizo de transporte para os miles de usuarios que se desprazan diariamente entre estes municipios e A Coruña.

Os problemas sinalados polos concellos inclúen a saturación das liñas, incumprimentos frecuentes dos horarios e a falta de conexións directas con puntos estratéxicos, tales como a Universidade da Coruña. Ademais, estes municipios achegan aproximadamente o 20% do orzamento do actual servizo, mais consideran que non reciben unha contraprestación adecuada nin teñen poder de decisión sobre a súa xestión. Neste contexto, manifestaron a súa





negativa a renovar os convenios actuais coa Xunta de Galicia, que expiran en decembro de 2025, sen que se produzan melloras significativas.

En xaneiro de 2024, o Concello da Coruña aprobou en pleno a solicitude formal á Xunta de Galicia para a creación dun consorcio metropolitano. Con todo, a proposta atopouse coas reservas da Xunta de Galicia, xa que a Consellería de Infraestruturas argumentou que a creación dun consorcio está condicionada á existencia formal dunha área metropolitana constituída legalmente, algo que aínda non se ten logrado na comarca da Coruña. Xa no ano 2018, a Xunta de Galicia fixera saber que non consideraba viable impulsar unha nova estrutura administrativa sen esta base legal.

Así, o debate sobre a creación do Consorcio Metropolitano de Transporte da Coruña continúa aberto, cun claro interese por parte dos concellos implicados en conseguir unha xestión máis eficiente e próxima ao territorio, mentres a Xunta de Galicia mantén a súa postura de que calquera avance neste sentido debe enmarcarse dentro dunha estrutura legal previamente definida.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- Ten previsto a Xunta de Galicia iniciar os trámites necesarios para a creación dun Consorcio Metropolitano de Transporte na área da Coruña, co fin de mellorar a coordinación, a eficiencia e a calidade do servizo público de transporte entre a cidade da Coruña e os concellos limítrofes?
- Que pasos está dando a Xunta de Galicia para mellorar o transporte metropolitano na área da Coruña?
- Existe vontade política por parte da Xunta de Galicia para crear dito Consorcio Metropolitano na área da Coruña?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2025 10:05:00
Nº Rexistro: 24930
Data envío: 06/05/2025 10:05:00.941

Santiago de Compostela, a 6 de maio do 2025

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 06/05/2025 09:47:10

Julio Abalde Alonso na data 06/05/2025 09:47:25

Carlos López Font na data 06/05/2025 09:47:37

CSV: BOPGDSPG-ISBACI0J-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

83830

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández González, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a zonificación escolar de Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A actual zonificación escolar de Vigo está totalmente obsoleta logo de 26 anos de vixencia. A pesar dos numerosos anuncios e das tentativas por parte da Xunta para a súa modificación, o certo é que nunca se levou adiante. Neste tempo a cidade de Vigo mudou, tanto na súa extensión como na súa composición e distribución demográfica, por iso esta arcaica e errática zonificación vixente aínda hoxe non dá resposta ao Vigo actual.

Ademais, o actual modelo está condicionado e vinculado coa eiva histórica de creación de centros públicos no centro da cidade, o cal ten derivado nun déficit de prazas públicas nesta área, mentres que noutros ámbitos periféricos se rexistran situacións inversas. Polo tanto unha futura zonificación debería contribuír a corrixir, e non a agravar aínda máis, esta situación particular e no xeral a reforzar o peso do sistema público educativo.

Nese sentido, é coñecido que todo o relativo coa mobilidade constitúe un factor importante para a escolla do centro, polo que toda futura zonificación debe mellorar e adecuar os servizos de transportes dos centros públicos. A actual delimitación das zonas escolares e a as adscripcións de centros está condicionando unha limitada prestación dos servizos educativos e complementarios, xa que os centros non poden transportar





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

alumnado fóra dos límites da súa propia zona escolar. Unha situación que xera un agravio comparativo ao respecto dos centros privados e concertados que non contan con este tipo de restricións.

Outro dos problemas que xera a actual zonificación é o desequilibrio de oferta que existe nos Institutos de Educación Secundaria públicos, entre a escaseza de liñas e prazas para os cursos da ESO e a oferta ampliada para Bacharelato. Unha decisión que ten como obxectivo adecuar a oferta pública ás necesidades do sistema educativo privado, mais que implica que haxa moitos rapaces e rapazas que queren acceder na etapa da ESO ao seu IES público máis próximo e que non teñen praza, por mor de que esas aulas se reservan para acoller en bacharelato ao alumnado do sistema privado.

A futura construción, demorada durante anos, do IES no barrio de Navia vai supor unha nova mudanza, que sumada a todo o anterior, fai aínda máis necesario que o goberno galego leve adiante unha nova proposta de zonificación co obxectivo de adecuala ao Vigo de 2025 e de fortalecer o ensino público. A demandada nova zonificación debe construírse dende o diálogo e o consenso coa comunidade educativa e a sociedade.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Ten previsto a Xunta de Galiza realiza unha nova zonificación escolar en Vigo?
- En que curso escolar prevé a Xunta aplicar unha nova zonificación en Vigo?
- Cal foi até o de agora a interlocución social?
- Que obxectivos se marca a Xunta de cara a unha nova zonificación?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2025

Asdo.: **Alexandra Fernández González**
Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 06/05/2025 11:44:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as garantías de autonomía enerxética nas residencias de maiores e outros centros de atención sociosanitaria diante dun apagamento.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O apagamento sufrido os días 28 e 29 de abril no conxunto do Estado español puxo en evidencia a dependencia que temos no día a día da electricidade. Actividades cotiás como comer, ducharse ou manter un respirador aceso depende de que haxa luz.

Neste senso, existen servizos públicos moi vulnerables diante de eventuais apagamentos como centros hospitalarios que, precisamente pola súa condición, dispoñen de grupos electróxicos que garanten o seu funcionamento malia que a rede eléctrica caia. Igualmente, centros de atención sociosanitaria como as residencias de maiores deben dispor destes mecanismos.

É por iso fundamental que logo do acontecido se garanta que as residencias de maiores e outros centros de atención a persoas maiores e dependentes dispoñen destes grupos electróxicos. Segundo puido saber o G.P. do Bloque Nacionalista Galego nalgunhas comarcas galegas persoal da Xunta de Galiza que visitou residencias de maiores o día do apagón para saber en que situación se atopaban as usuarias e usuarios puido comprobar que algunhas delas non tiñan luz por non contar con estes mecanismos. Concretamente eran residencias privadas da comarca de Valdeorras xestionadas pola Fundación San Rosendo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Durante o apagamento sufrido os días 28 e 29 de abril, cantas residencias de maiores ten constancia a Xunta de Galiza que non dispuñan de grupos electróxeos?
- Que medidas adoptou a Xunta para garantir o benestar das persoas usuarias durante as horas que estivo sen luz?
- Vai esixir a Xunta de Galiza que as residencias de maiores e outros centros de atención sociosanitaria contén con estes mecanismos?

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2025

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 06/05/2025 12:10:00





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2025 12:33:22
Nº Rexistro: 24965
Data envío: 06/05/2025 12:33:22.108

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Julio Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O CEIP San Clemente en Caldas é un centro plurilingüe de referencia neste concello, o pasado ano a Consellería de Educación da Xunta de Galicia decidiu suprimir unha das 3 aulas de educación infantil sen que esta decisión estivese xustificada.

Nese momento inscritos nos cursos de educación infantil neste centro había 26 nenos e nenas, dos que dous tiñan unha discapacidade, un de grado II e outro de grado III.

Isto supón 29 prazas se temos en conta o acordo acadado entre o Goberno galego e cos sindicatos Comisións Obreiras, UGT e ANPE no mes de outubro de 2023, que establece que aqueles nenos ou nenas que teñan unha discapacidade de máis do 33 %, unha dependencia de grado I ou un trastorno de conduta grave contarán por dous, o que quere dicir que o máximo nun aula podería quedar fixado en 19 alumnos e alumnas. Se a discapacidade é igual ou superior ao 65 % ou a dependencia é de grado II ou III, o neno ou nena contará como tres.

Ante a denuncia da comunidade educativa e o malestar xerado por esta decisión, o Goberno galego no canto de rectificar, puxo unha solución parche que foi ampliar nunha mestra máis con cargo ao Plan Mega o cadro de persoal de educación infantil e comprometeuse non só de palabra, ante os pais e nais





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2025 12:33:22
Nº Rexistro: 24965
Data envío: 06/05/2025 12:33:22.108

deste centro, senón tamén por escrito nunha resposta a unha recomendación da Valeduría do Pobo.

Hai uns días abriuse o período de matriculación para o vindeiro curso 2025/26, e o Goberno galego negase a rectificar esta decisión, mantendo as dúas aulas de educación infantil, a pesar de existir 11 novas solicitudes de matrícula e a pesares tamén de que esta decisión vai obrigar a baremar e deixará a nenos e nenas fóra.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista non compartimos o criterio da Consellería de Educación da Xunta de Galicia e requirimos que cumpra non só as ratios establecidas no acordo asinado cos sindicatos en 2023 senón tamén o compromiso adquirido coa comunidade educativa (pais, nais e equipo directivo do centro) a principios deste curso.

Ante esta situación, as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Vai o Goberno galego cumprir o compromiso acadado de recuperar a 3ª unidade de Educación Infantil do CEIP Plurilingüe San Clemente no concello de Caldas de Reis para o vindeiro curso 2025/26?

Santiago de Compostela, 6 de Maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 06/05/2025 11:30:30

Julio Abalde Alonso na data 06/05/2025 11:30:40

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

83837

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2025 12:33:22
Nº Rexistro: 24965
Data envío: 06/05/2025 12:33:22.108

Silvia Longueira Castro na data 06/05/2025 11:30:53

CSV: BOPGDSPG-ISBACI0J-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

83838

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a contratación realizada pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP ou outros organismos públicos para dotar os centros educativos de material dixital, electrónico ou análogo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En setembro de 2021, o daquela Conselleiro de Cultura, Educación e Universidades anunciou a posta en marcha da “**Estratexia Educación Dixital 2030**”, co que sería a primeira acción, o Plan Dixital de Centro, dotado de 19 mill. € para a contratación de 80 docentes de apoio para acompañar aos centros na transformación tecnolóxica nas aulas, a través da Rede Galega de Educación Dixital.

O Conselleiro dicía que daríase un “salto cualitativo” no sistema educativo a través dun “cambio pedagóxico” con propostas específicas na especialización e na personalización da aprendizaxe.

Así, o goberno da Xunta, reservaba 120 mill. euros para os tres anos nos que sería desenvolto este Plan Dixital, dentro dunha estratexia que contemplaba accións coordinadas e planificadas dirixidas á comunidade educativa, coa incorporación de estratexias docentes e novas técnicas pedagóxicas enfocadas á transformación dixital.

É dicir, técnicas innovadoras dirixidas aos 55000 alumnos/as galegas que, incluídos no programa EDixgal, xa utilizaban o libro dixital nos centros adheridos. Ampliaba a directora de AMTEGA (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galiza) datos como que todos os centros dispuñan de aulas virtuais, integrados na rede





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de videoconferencias docentes, con máis de 21000 persoas usuarias de promedio e picos de ata 100000 persoas usuarias nun día.

En maio de 2022, novamente o Conselleiro de Educación, destacaba a posta en marcha dunha nova acción dentro da Estratexia Educación Dixital 2030, o Programa “Polos Creativos” en 220 centros, coa implementación de equipamento específico para avanzar na dinamización tecnolóxica da educación. Deste xeito impulsaban máis de 23000 unidades tecnolóxicas, cun investimento de 8 mill. €.

A idea central dos Polos Creativos era exercer de catalizadores dun modelo de ensino de vangarda, consolidar comunidades artísticas e tecnolóxicas que estimularan a colaboración e a transformación innovadora.

De todos estes anuncios e notas de prensa aos medios de comunicación, houbo desembarco de materiais dixitais en abundancia en centros adheridos, solicitantes de Polos Creativos (aparells diversos e moi específicos, kits...), mais tamén en moitos onde non había proxecto educativo de ningún tipo como nos centros adheridos, nin profesorado debidamente formado para dirixilo nas escolas ou institutos e acarrexaban un sobrecusto orzamentario para eles ao non estar cuberto pola Consellería o material funxible necesario. Non se preguntou aos centros se o querían ou non, nin tampouco se lles deu a posibilidade de elixir o material que se ía enviar. O material chegaba un día, nomeaban a un/ha docente para coordinar non sabían moi ben o que e obrigaba ao centro nalgúns casos a ter que facer un oco para ter unha aula preparada para ser usada con todo o equipo recibido.

Esta cantidade inxente de material que recaeu nos centros escolares, non pode ser usada así sen máis, senón que require formación e guías para o seu uso e para impulsar actividades co alumnado. É polo que a Consellería debiera facer unha reflexión da posibilidade de que nalgúns casos non fora usado, ou non se fixera como correspondía.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En moitos casos a persoa docente asignada era interina e debía ser substituída o curso seguinte por outra nas mesmas circunstancias e problemas para facerse cargo dese “proxecto”.

Moito dese material dixital e tecnolóxico contratouse mediante licitacións que se publicaron xa no ano 2021 a través de procedementos negociados sen publicidade (AMT-2021-0041 e AMT-2022-0099), incluso algún destes contratos foi prorrogado. E aínda a día de hoxe vemos como se están entregando paneis dixitais nos centros, ocasionando unha duplicidade de dispositivos dentro das aulas que ten a mesma función e que chegan apenas cun curso ou meses de diferenza. Algo realmente desproporcionado e mostra da falta de planificación e control do gasto orzamentario, precisamente nun servizo básico onde hai carencia doutros recursos, sobre todo de persoal docente. Na comunidade educativa descoñécese a razón pola que, coa chegada destes últimos paneis, coexisten varios nos centros e non saben que hai que facer cos “antigos”, ao non ter ningún comunicado nin información sobre estas últimas chegadas de material que non foi solicitado por ninguén.

Por outra parte, despois de tanta propaganda e autobombo, querendo ser os mellores no Estado e con maior inmersión tecnolóxica, a intención de “incorporación de estratexias docentes e novas técnicas pedagóxicas enfocadas á transformación dixital”, quedou en palabras baleiras, xa que o alumnado tan só mudou os libros en papel por libros dixitais a través do Edixgal, pero o resto do sistema educativo, os métodos de ensinanza ou pedagóxicos non mudaron.

A única avaliación sobre a mellora do sistema escolar coa aplicación de todo este material dixital millonario nos centros escolares, foi unha nota de prensa que di que os resultados educativos no alumnado Edixgal son iguais que o alumnado que non forma parte do Programa Dixital. Foi a partir da presentación dunha enquisa realizada por AnpasGalegas ás familias galegas, con alumnado Edixgal ou non, que a Consellería





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de Educación admite que é necesario realizar un estudo serio para realizar axustes e realiza unha enquisa entre o persoal docente que usa o Programa Dixital.

Por todo o exposto formúlense as seguintes preguntas para resposta escrita:

1.- Cantos procedementos de contratación se tramitaron na Xunta de Galiza para subministrar aos centros educativos material dixital e tecnolóxico vinculado á Estratexia Educación Dixital 2030? Que orzamento leva executado a Xunta neste programa? A canto ascende o gasto executado en paneis dixitais para centros educativos e cal é o número existente actualmente e cantos quedan por subministrar?

2.- Porque motivo se está a duplicar nas aulas moito do material dixital e tecnolóxico que están a recibir nos centros educativos? É acumulativo ou substitutivo? Son os centros educativos, a través dun programa ou proxecto, os que solicitan o material que precisan para desenvolvelo? Que criterios utiliza a consellería para repartir este material?

3.- Ten o profesorado coordinador destes proxectos a formación suficiente para poder avanzar nos obxectivos dos mesmos co alumnado? Que formación reciben aquel profesorado que se fai cargo de material de Polos Creativos que o centro non solicitou a través dun proxecto?

4.- Considera a Consellería de Educación que o material que estase a entregar na actualidade nos centros cumpre cos obxectivos da Estratexia Dixital, despois de catro anos e nun momento onde se está a cuestionar que teña unha avaliación positiva?

5.- Mellorou en algo a formación e coñecementos do alumnado que traballa con Edixgal e o material tecnolóxico? Que sistemas educativos innovadores e pedagóxicos se están a usar grazas a estes novos métodos dixitais?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

6.- Cantos contratos faltan para subministrar os paneis dixitais e resto de material tecnolóxico para cumprir os obxectivos da Estratexia Dixital deseñada pola Consellería? Son iguais todos os paneis dixitais distribuídos nos distintos centros educativos na Galiza?

7.- Existe algún motivo polo que a Consellería de Educación non limitou, nos pregos administrativos de contratación, o número de adxudicacións a unha mesma empresa destes contratos da subministración do material dixital e tecnolóxico?

8.- Vai a Consellería de Educación incluír na vindeira Lei de Educación Dixital de Galiza a creación dunha comisión de asesoramento e seguimento, onde se fixen os criterios para que o material tecnolóxico sirva para a mellora na calidade educativa a través de novos métodos de ensinanza innovadores, educativos e pedagóxicos?

9.- Vai a Consellería establecer un sistema de indicadores de mellora educativa obxectivos para avaliar os resultados da Estratexia Educación Dixital 2030 e os avances educativos entre o alumnado?

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2025

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 06/05/2025 12:31:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación de abandono e deterioro da Torre de Arcos e do Pazo de Suatorre (concello de Chantada).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na parroquia chantadesa de Arcos encóntranse dous elementos arquitectónicos de elevadísimo valor patrimonial que na actualidade se encontran nun estado de conservación deplorable. Trátase da Torre de Arcos e do Pazo de Suatorre, edificios históricos que entraron na lista vermella de patrimonio que se encontra en perigo elaborada pola asociación Hispania Nostra. Dous casos máis de patrimonio desleixado na Ribeira Sacra que se unen a outros moitos casos como o do Pazo de Vilar (Taboada), a Casa de Torno (O Saviñao) ou o Convento de San Salvador de Asma tamén no concello de Chantada.

De acordo coa Asociación Hispania Nostra, a Torre de Arcos e o Pazo de Suatorre (situados a pouca distancia un do outro), están “ameazados por un risco grave de destrución, desaparición ou perda irreversible dos seus valores patrimoniais”. Algo especialmente grave tendo en conta que ambas as edificacións son Ben de Interese Cultural (BIC) e que por tanto son suxeitos de protección especial por parte da Xunta de Galiza. Ademais cóstanos ao Grupo Parlamentar do BNG que se teñen realizado xestións e peticións desatendidas polo goberno galego para conseguir axudas para a restauración dos edificios.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Torre de Arcos que data do século XIII e o Pazo de Suatorre do século XVII son dúas verdadeiras xoias do sur de Lugo e da Ribeira Sacra, territorio que aspira a ser nomeado Patrimonio da Humanidade pola Unesco. Non comprendemos por tanto a estratexia da Xunta de Galiza no que ten a ver coa protección do Patrimonio presente nos concellos que conforman a propia Ribeira Sacra. Non ten explicación a ollos do BNG como se pode presentar e defender unha candidatura a Patrimonio da Humanidade sen ter realizado previamente un esforzo importante no relativo á protección e conservación de edificios históricos, xa que son estes un elemento fundamental da perfilación do territorio da Ribeira Sacra ao longo dos anos, un elemento que como se vén demostrando está abandonado por parte do Goberno galego.

É por estes motivos que exiximos á Xunta de Galiza que actúe canto antes para pór remedio a unha situación de desleixo que non debe nin pode ser aceptada.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que opinión ten a Xunta de Galiza do estado de conservación da Torre de Arcos e do Pazo de Suatorre?
- Por que non actuou o goberno galego á hora de protexer estes dous edificios cando contan coa distinción de BIC?
- Ten pensado a Xunta facer algo para protexer estes edificios?
- Como defenderá a Xunta de Galiza a candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade cando ten decenas de exemplos de abandono de patrimonio arquitectónico espalladas por todo o territorio?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2025

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 06/05/2025 12:58:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as demoras na resolución de solicitudes de recoñecemento do grao de discapacidade en Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Orde do 25 de novembro de 2015, pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade en Galiza establece un prazo máximo de tres meses para resolver as solicitudes que se presenten; prazo que empezará a contar dende a data de entrada no rexistro do órgano competente para a instrución e resolución do expediente.

Porén, a Consellería de Política Social e Igualdade acumula atrasos significativos na tramitación destas solicitudes, especialmente na area de Ourense, vulnerando os dereitos das persoas con discapacidade a acceder a prestacións, axudas e beneficios fiscais, laborais ou sociais.

En 2023, o Valedor do Pobo rexistrou 71 queixas en Galiza pola tardanza nestes procedementos, e en maio de 2024, a Consellería recoñeceu que a espera media era de sete meses, duplicando o prazo legal, cunha lista de 17.000 persoas pendentes de valoración.

Un caso paradigmático en Ourense ilustra a gravidade da situación: unha persoa que presentou a solicitude de recoñecemento do grao de discapacidade en maio de 2024 foi informada no pasado mes abril de 2025 que a resolución tardaría un ano máis, sumando un total de dous anos de espera. Esta demora, que contrasta co compromiso da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xunta de axilizar os procedementos a través do Plan de Reforzo de Persoal para a Valoración da Discapacidade 2024-2027, impide o acceso a dereitos fundamentais, como axudas económicas, adaptacións laborais ou a tarxeta acreditativa do grao de discapacidade, afectando especialmente a colectivos vulnerables en Ourense, unha provincia marcada polo envellecemento (máis de 25% da poboación maior de 65 anos, INE 2023) e a dispersión rural.

Estas demoras vulneran os principios de eficacia e celeridade aos que se debe a Administración Pública, e comprometen o cumprimento da Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade (ONU, 2006), que no seu preámbulo destaca a importancia da autonomía e da igualdade de oportunidades. No marco do Protocolo Facultativo da Convención contra a Tortura (OPCAT), as condicións de espera prolongada poden agravar situacións de vulnerabilidade, especialmente en casos que requiran atención urxente. Desde a perspectiva do Bloque Nacionalista Galego (BNG), é inadmisíbel que a Xunta non garanta unha tramitación áxil e eficiente, perpetuando a inseguridade xurídica e social das persoas con discapacidade en Ourense. A actual situación require medidas urxentes para superar as limitacións na capacidade de valoración e reforzar os recursos humanos e técnicos na demarcación territorial de Ourense.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Esta a cumprir a Xunta de Galiza o seu deber legal de resolver no prazo de 3 meses as solicitudes para o recoñecemento do grao discapacidade?

Nomeadamente cal é o prazo medio de resolución no departamento territorial de Ourense das solicitudes de recoñecemento do grao discapacidade?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A demora actual, próxima aos dous anos, que se indica no expositivo da presente iniciativa pode considerarse un caso excepcional e puntual ou existen máis solicitudes cuxa resolución se estende por tal período de tempo?

Considera a Xunta de Galiza que a extraordinaria demora no recoñecemento do prazo de resolución é susceptible de provocar prexuízos económicos e sociais nas solicitantes?

No seu caso, ten previsto a Xunta de Galiza a adopción dalgún tipo de medidas para evitar as consecuencias negativas e prexuízos que o incumprimento do prazo máximo de resolucións dos procedementos de recoñecemento de discapacidade provoca nas solicitantes?

Ten previsto por en marcha algunha medida para a axilización e resolución no prazo legalmente establecido dos procedementos administrativos, nomeadamente os de recoñecemento do grao de discapacidade no departamento territorial de Ourense?

Cal é o número de procedementos de recoñecemento do grao de discapacidade pendentes de resolución no departamento territorial de Ourense?

Cantos cantas solicitudes se presentaron en cada un dos últimos 5 anos?

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2025

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**
Secundino Fernández Fernández
Deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 06/05/2025 15:37:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o incremento da planta xudicial en Galiza, particularmente en materia de violencia sobre a muller.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno do Estado vén de trasladar ao Consello Xeral do Poder Xudicial unha proposta para a creación de 53 novas prazas xudiciais en materia de Violencia Sobre a Muller, 39 de nova dotación e 14 mediante transformación de prazas en unidades de Instrución en Violencia Sobre a Muller.

No caso de Galiza, a proposta implicaría a creación de prazas xudiciais en Ourense e Santiago de Compostela, estendendo a xurisdición destas unidades xudiciais de Violencia a distintos partidos xudiciais que, no caso da unidade con sede en Santiago de Compostela, abranguería Negreira, Padrón, Noia e Ribeira; sen que conste o alcance da suposta comarcalización da unidade con sede en Ourense.

Por outra banda, a necesaria ampliación da planta, en materia de Violencia Sobre a Muller, de Vigo e A Coruña non sería “ex novo” senón que sería a costa da supresión de prazas en Xulgados de Instrución de cada partido xudicial que pasarían a integrarse nas Seccións de Violencias Sobre a Muller do Tribunal de Instancia respectivo.

Dende o grupo parlamentar do BNG máis unha vez insistimos na necesidade de ampliar a planta xudicial nos órganos xurisdicionais en Galiza, nomeadamente en materia de Violencia sobre a Muller e coa creación de novas prazas nos partidos xudiciais de Ourense, Santiago de Compostela, Lugo, Ferrol e Pontevedra, sen que esa





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

creación poda implicar unha mingua da calidade na prestación do servizo de xustiza ás vítimas e a supresión doutras prazas xa existentes.

Igualmente e malia a posibilidade que confire a nova estrutura e organización xudicial establecida pola Lei Orgánica 1/2025, de 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza, a creación de novas unidades xudiciais non pode realizarse sen o coherente incremento de postos de traballo na oficina xudicial, tanto no corpo de xestión, como o de tramitación e no de auxilio xudicial.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Cantas prazas xudiciais e en que órganos considera a Xunta de Galiza cumpre crear en Galiza?

Considera a Xunta de Galiza necesario que os Tribunais de Instancia de Santiago de Compostela, Ferrol, Pontevedra, Lugo e Ourense conten con seccións de Violencia sobre a Muller?

Que xestións concretas fixo a Xunta de Galiza para que se creasen tales unidades? En que data e en que consistiron?

Considera a Xunta de Galiza que a sección de Violencia sobre a Muller do Tribunal de Instancia do partido xudicial de Santiago de Compostela debería estender a súa xurisdición ate o partido xudicial de Ribeira ou de Noia?

A sección de Violencia sobre a Muller do Tribunal de Instancia de Ourense debería estender a súa competencia a outros partidos xudiciais? No seu caso, a cal ou cales?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Entende a Xunta de Galiza que a creación de prazas xudiciais nas seccións de Violencia sobre a Muller debe ser a costa da transformación doutras prazas noutras seccións, nomeadamente de Instrución?

Transmitiu a Xunta de Galiza ao Goberno do Estado a súa postura sobre a creación das prazas xudiciais anunciadas? Cando e cal foi a resposta?

Cal é o número e localización dos postos de traballos dos corpos de xestión, tramitación e auxilio xudicial que ten previsto crear a Xunta de Galiza neste exercicio de 2025?

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2025

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 06/05/2025 16:38:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a regulación pendente de plantas de biogás.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A tecnoloxía do biogás - biometano pode ser un instrumento para conseguir unha “economía circular” verdadeira por exemplo para producir biogás para autoconsumo local. Sen embargo, moitas das plantas proxectadas para Galiza están recibindo unha forte oposición por parte da veciñanza das localidades próximas, por exemplo o caso de Coeses en Lugo.

O biogás é un combustible renovable que se produce a partir da descomposición anaeróbica (sen oxíxeno) de materia orgánica, como por exemplo residuos agrícolas, xurro, residuos alimentarios e augas residuais.

O problema non vén pola tecnoloxía de biogás – biometano, senón que vén polo modelo de planta que se está propoñendo, na escasa distancia aos núcleos de poboación e na forma na que están xestionadas: Estanse proxectando plantas de gran tamaño, que requiren un aporte constante e moi elevado de residuos para o seu procesamento, polo que os residuos de preto non son suficientes e tráenos de moito mais lonxe. E, a maior tamaño existe un maior volume de residuos almacenados (cos seus consecuentes olores), mais operacións de descarga de residuos, maior volume de dixestato a xestionar e tamén maiores riscos en caso de escape de emisións, incendio, ...





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No caso dos xurros, un dos argumentos para a necesidade das plantas de biogás - biometano, é importante destacar que a biodixestión non actúa sobre o nitróxeno (o gran problema dos xurros) polo que o dixestato resultante ten a mesma cantidade de nitróxeno que conteñen os xurros introducidos no biodixestor.

As plantas de biogás - biometano proxectadas actualmente, considerase que para alimentar o biodixestor non só se ten en conta a materia orgánica convencional senón tamén con materia orgánica procedente de diversos procesos industriais e que, polo tanto, materia que pode conter algunhas moléculas problemáticas: como produtos bioquímicos, residuos que conteñen metais pesados, disolventes orgánicos ou moléculas residuais de antibióticos.

Actualmente hai de numerosos proxectos de plantas de biogás -biometano en Galiza, polo que dende o BNG consideramos que é necesario legislar ao respecto para poñer límites en canto ao tamaño destes proxectos e aos límites que deben manter

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Cantas plantas de metanización estás proxectas agora mesmo en Galiza?
2. Cantas plantas de metanización hai operativas en Galiza, cal é o volume operativo e cantas toneladas de biogás producen?
3. Ten a Xunta un plan para o despregue ordenado desta tecnoloxía?
4. Ten pensado a Xunta de Galiza reforzar a rede de gas natural nas áreas rurais para dar cobertura ao despregue destas plantas?
5. Ten a Xunta estudos que amosen o potencial da metanización na Galiza?

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Xosé Manuel Golpe Acuña
Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 07/05/2025 11:08:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o desenvolvemento das medidas previstas no Plan de xestión do lobo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado venres 11 de abril de 2025 a Xunta publicou no DOG a Resolución do 3 de abril pola que se modifica a Resolución do 27 de marzo de 2024 pola que se determinan as épocas hábiles de caza, as medidas de control por danos e os reximes especiais por especies durante a tempada 2024/2025.

Esta resolución ten como único obxectivo a xestión do lobo desde o punto de vista cinexético, como especie cazábel, logo de que se publicase no BOE a lei 1/2025 de prevención e o desperdicio alimentario na que se inclúe na disposición derradeira décimo novena a exclusión do lobo ibérico da listaxe de especies silvestres en rexime de protección especial. A consellaría de medio ambiente (Dirección Xeral de Patrimonio Natural) levanta deste xeito a veda á caza do lobo, contravindo o previsto no Plan de xestión para os meses de reprodución da especie.

Queda claro con esta iniciativa do goberno a visión reduccionista, simplista, demagóxica e populista do PP, que pretende converter o lobo no chivo expiatorio co que ocultar os graves problemas que atravesamos o medio rural.

Chama a atención que a Xunta leve quince anos incumprindo o Plan de xestión do lobo que se publicou no DOG en xaneiro de 2009, que contemplaba máis de 50 medidas que na súa maioría non se aplicaron. Ou que se aplicaron de maneira





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

insuficiente e ineficaz, como as medidas de prevención dos ataques do lobo ou as medidas de compensación dos danos.

Ademais de desenvolver as previsións do Plan de xestión, é necesario que se inicie o proceso de actualización do plan dacordo coa situación actual da especie e coas previsións da estratexia estatal.

Ao mesmo tempo, é imprescándibel que por parte da Xunta se doten os orzamentos necesarios para desenvolver todas as medidas previstas, e que se demanden achegas orzamentarias do Estado e da UE para garantir a conservación da especie e a convivencia coas actividades do medio rural.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Por que razón a Xunta non aplicou a maior parte das medidas previstas no Plan de xestión do lobo?

Vai o goberno galego poñer en marcha as medidas do Plan de xestión que aínda non foron aplicadas?

Vai a Xunta ampliar os orzamentos destinados á conservación da especie a mellorar a convivencia entre o lobo e actividade gandeira?

Vai o goberno galego demandar do goberno central e da UE o incremento das dotacións orzamentarias de fomento da gandaría en extensivo, da conservación da biodiversidade e da convivencia do lobo coa actividade gandeira, de maneira que se reconeza, valore e compense as súas funcións sociais, económicas, culturais e ecosistémicas?

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 07/05/2025 13:30:43





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2025 13:43:57
Nº Rexistro: 25051
Data envío: 07/05/2025 13:43:57.538

Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Exposición de motivos

O desenvolvemento de infraestruturas de calidade que melloren a conectividade é fundamental para garantir o progreso e benestar da sociedade galega. Unha boa conectividade contribúe á redución das desigualdades entre rexións e é unha condición necesaria para garantir a cohesión social e para lograr unha igualdade real de oportunidades entre todos os cidadáns de Galicia. A existencia de vías de acceso adecuadas en todo o territorio, non só é importante para mellorar de maneira considerable as oportunidades de desenvolvemento das zonas máis afastadas dos grandes núcleos urbanos, senón que tamén é crucial para elevar a calidade de vida dos seus habitantes. O investimento en infraestruturas de transporte adecuadas, favorece o impulso económico destas zonas, facilita o acceso aos servizos públicos por parte dos seus habitantes e contribúe a evitar o despoboamento, un dos principais desafíos aos que se enfrontan varias rexións de Galicia na actualidade.

Un proxecto que é fundamental para facer fronte a estes desafíos na Mariña Lucense é a construción dun tramo ao Concello de Viveiro, na Vía de Alta Capacidade Costa Norte. O proxecto de Vía de Alta capacidade que debía unir Ferrol con San Cibrao (VAC Costa norte) foi anunciado no ano 2001. As obras comezaron no ano 2009 e a día de hoxe tan só están executadas as variantes de Ortigueira e Xove.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2025 13:43:57
Nº Rexistro: 25051
Data envío: 07/05/2025 13:43:57.538

Despois de tantos anos de atraso, construír unha variante que enlace o Concello de Viveiro co resto do territorio galego a través da VAC Costa Norte, é algo que non pode seguir esperando. Isto é crucial para avanzar na conectividade da provincia de Lugo e sobre todo para poñer fin á situación de parálise urbanística que enfrenta Viveiro e para darlle respostas a un territorio historicamente aillado.

Un dos aspectos nos que a falta de infraestruturas e de vías de comunicación adecuadas xera consecuencias negativas, é na evolución demográfica dun territorio. Isto obsérvase de forma clara se se analizan as cifras da evolución demográfica de Viveiro. Segundo os datos do Instituto Galego de Estatística, hai 20 anos, en 2005, Viveiro tiña un total de 15.505 habitantes, mentres que na última medición do ano 2024 rexístranse 15.217 habitantes. Isto mostra que a poboación de Viveiro tivo unha caída de 1,85 % nos últimos 20 anos, unha cantidade que pode parecer reducida, pero que contrasta co crecemento poboacional doutros Concellos da Mariña Central, como Burela e Foz.

Ademais, se se ten en conta que a construción deste tramo leva anos de atraso, é aínda máis necesario que a Xunta de Galicia estableza a construción deste tramo da VAC Norte como unha das súas prioridades. A débeda cos veciños leva moito tempo e non se pode seguir demorando porque isto condena a esta parte da Mariña a un absoluto illamento. No ano 2006 aprobouse un trazado da VAC por Viveiro e ademais fíxose de forma consensuada coa veciñanza e foi aprobado polos plenos do Concello e Deputación con todos os informes e estudos de impacto ambiental necesarios. Con todo, a nova administración da Xunta de Galicia deixou de lado o proxecto e o 5 de agosto de 2010, enviou ao Concello para a súa exposición pública, un novo proxecto con un novo trazado que aprobou de forma unilateral, contrario ao consensuado coa comunidade. Como consecuencia deste cambio de proxecto, o Consello de Viveiro tivo que adaptar o seu Plan Xeral de

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

83861

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2025 13:43:57
Nº Rexistro: 25051
Data envío: 07/05/2025 13:43:57.538

Ordenación Municipal (PXOM), que tivo o informe favorable da Axencia Galega de Infraestruturas en marzo do ano pasado

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1- Vai a Xunta de Galicia a establecer como unha das súas vías prioritarias a construción do tramo da VAC Norte ao Concello de Viveiro, para rematar esta obra que é tan necesaria para avanzar na conectividade da Mariña Lucense, no menor tempo posible logo de moitos anos de atraso?

2. Cal é o grao de execución actual do Proxecto de Vía de Alta Capacidade Ferrol-San Cibrao?

3- Cando prevé a Xunta de Galicia que será realidade a variante Viveiro da DAC Norte?

4- Cal é a situación actual doutras variantes da DAC Norte na zona da Mariña Lucense?

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 07/05/2025 13:37:31

Carlos López Font na data 07/05/2025 13:37:51

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

83862

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de a Xunta se comprometer co avance do uso do galego no tecido socioeconómico.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En resposta ás preguntas do BNG, en setembro de 2021 o actual Secretario xeral de lingua anunciaba en sede parlamentaria a elaboración do segundo plan de dinamización da lingua galega no tecido socioeconómico e que presentaría “moi pronto” a avaliación do primeiro plan que abranguíu o período 2016-2020.

Case cinco anos despois, o goberno incumpriu a súa palabra e a día de hoxe nin presentou os datos do impacto do plan nin elaborou unha proposta continuadora da anterior con estratexias para poñer en valor a visibilidade, o prestixio e o uso do galego no tecido socioeconómico en cumprimento dos obxectivos e propostas do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega.

A ausencia de compromiso do proxecto político da Xunta co avance do galego no ámbito socioeconómico non é difícil de contrastar na observación da realidade próxima.

Mirar cara outro lado desde o goberno da Xunta significa obviar o valor económico do galego e desaproveitar un espazo fundamental para os avances en normalización lingüística. Unha demanda que mesmo lle ten trasladado á Xunta o Consello Económico e Social e que, recentemente, ten analizado nun novo informe do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Consello da Cultura Galega en que demostra que a lingua ten un mercado e unha industria propios e que estes son cuantificables.

A lingua galega é motor de emprego e de desenvolvemento económico, tamén desde o seu valor como marca identitaria; é por iso que, desde o BNG, entendemos que estes criterios necesariamente deben acompañar unha política lingüística centrada na restitución da igualdade para o galego nun espazo comunicativo de alto valor socializador e de prestixio como é o económico.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Que estratexia de política lingüística está a desenvolver o goberno da Xunta para impulsar o valor económico da lingua galega en cumprimento dos diferentes mandatos normativos e legais?

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Iria Taibo Corsanego

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 07/05/2025 16:42:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Oscar Insua Lema, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a axenda da conselleira de Política Social.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En sesión plenaria o 7 de maio de 2025 a conselleira de Política Social asegurou na súa intervención en resposta a unha pregunta formulada polo deputado do BNG, Oscar Insua, que non toda a axenda das e dos responsábeis do executivo galego é pública.

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno sinala no seu artigo 7 sobre obrigas específicas de información institucional, organizativa e de planificación que deben publicar i) as axendas da actividade institucional pública dos membros da Xunta de Galicia e das persoas que ocupen altos cargos, que se manterán públicas, como mínimo, durante un ano.

Neste senso, sorprende escoitar as declaracións da conselleira cando afirma de maneira taxativa que non toda a súa actividade institucional é pública porque non se recolle na súa axenda. Diante destas afirmacións, cabe preguntarse que encontros mantén a conselleira de Política Social –ou calquera outro membro do goberno da Xunta-- á marxe da información que é feita pública.

Cómpre lembrar que a publicación da actividade institucional do goberno responde á garantía do dereito de acceso á información por parte da cidadanía e tamén do exercicio do labor de control e fiscalización da acción governamental que temos obriga de realizar as forzas da oposición.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlense as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que actividade institucional da conselleira de Política Social non é pública a través da súa axenda?
- Con que organizacións, entidades, empresas, organismos ou institucións se reuniu a conselleira desde que se iniciou a lexislatura?
- Que criterio utiliza a Xunta de Galiza e a Consellaría de Política Social para incluír ou non unha xuntanza ou acto na axenda pública?
- É consciente o goberno galego e concretamente a conselleira de Política Social que as súas afirmacións supoñen o recoñecemento dun incumprimento da Lei de transparencia e bon goberno?

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2025

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Oscar Insua Lema

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 07/05/2025 17:18:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 07/05/2025 17:18:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas e Olalla Rodil Fernández, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a dotación dun centro de día para o Concello de Oia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O municipio de Oia ten segundo os últimos datos unha poboación de 3.075 habitantes (INE). A súa distribución por idades a partir dos sesenta anos é a seguinte: de 60 a 69 anos 480 persoas, de 70/79 385, de 80/89 214 e finalmente de 90 anos en diante 50 (INE 2024). A suma total destas franxas de idade ascende a 1.129 veciñas e veciños.

Nunha grande porcentaxe da poboación dase a circunstancia de que moitas familias teñen ao seu cargo persoas con necesidades de atención ou dependencia, e ao mesmo tempo hoxe en día por cuestións laborais, esas unidades familiares atópanse con serias dificultades para poder conciliar o traballo coa atención aos seus seres queridos.

Algunhas veces acontece que teñen que renunciar ao traballo para adicarlle o tempo ao coidado dos dependentes, co agravante de tocarlle esa renuncia na meirande parte á muller poñendo de manifesto que aínda queda moito percorrido na igualdade real.

Oia é un concello rural, de 83,3 km² e moita dispersión demográfica. Súmase a deficiencia no transporte público que conecte co centro de saúde e os hospitais de referencia, co engadido de non contar cun servizo esencial como é un centro de día xa que na actualidade tampouco dispoñen dun lugar de atención para os seus maiores e dependentes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para a cohesión social e económica dun concello e o asentamento da súa poboación é imprescindible dotalos duns servizos básicos como os de dependencia, neste caso dun centro de día ou centro xerontolóxico socio-terapéutico de apoio ás familias de Oia onde poidan deixar durante unha parte do día ao coidado de profesionais aos seus pais, nais, avós e avoas, ou calquera parente con necesidades específicas de atención.

Ante isto, para o Bloque Nacionalista Galego faise preciso que as administracións local e galega traballen man con man para dotar a este concello dun servizo fundamental para a atención as persoas maiores e dependentes. Do mesmo xeito que se teñen anunciado convenios noutros concellos, non se entende como o concello de Oia segue a estar na cola da provincia de Pontevedra en servizos sociais das características descritas.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cando pensa o Goberno Galego dotar ao concello de Oia dun centro de día público?
- Ten constancia o Goberno Galego da necesidade dun centro de día no Concello de Oia?
- Como valora o Goberno Galego a atención aos maiores e a dependencia neste concello?
- Por que non está o concello de Oia contemplado no plan de centros de día anunciados para concellos rurais pola Consellería de Política Social?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2025

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**
Olalla Rodil Fernández

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 07/05/2025 17:18:43

Olalla Rodil Fernández na data 07/05/2025 17:18:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a execución do programa Rexurbe.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na pregunta con número 6844 formulada polo Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego sobre *o balance do programa Rexurbe, o seu nivel de execución orzamentaria e a eventual revisión do programa para reorientar os seus criterios*, se formulaban entre outras as seguintes preguntas:

- *Por que motivos a Xunta de Galiza sistematicamente incumpren as súas previsións orzamentarias?*
- *Cal foi a relación de actuacións realizadas durante o ano 2023 cos investimentos executados?*
- *Cantos inmobles foron adquiridos até a actualidade?*
- *Que investimento total se ten realizado para a adquisición de inmobles? - Cantos inmobles foron rehabilitados e adxudicados até o de agora?*
- *Cantas vivendas foron rehabilitadas e adxudicadas até o de agora?*
- *Cantas vivendas foron adxudicadas durante o ano 2023 ao abeiro do programa Rexurbe?*





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- *Cantos novos inmobles do Plan Rexurbe prevé adxudicar durante o ano 2024?*
- *Cantas novas vivendas prevé adxudicar durante o ano 2024?*

Porén a contestación recibida por parte da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas se limitaba a facilitar o seguinte dato: “Actualmente estase traballando na rehabilitación de 166 vivendas nos concellos de Betanzos, Ferrol, A Coruña, Viveiro, Mondoñedo, Vilalba, Ourense, Ribadavia e Tui”

Ademais, recibidas as contas xerais do ano 2024 podemos verificar que novamente a execución orzamentaria deste programa volveu a ser moi baixa. Dos 5.344.647€ de crédito vixente dispoñible, apenas se gastaron 2,4M€.

Por todo o exposto volven formularse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- *Cantas vivendas foron rehabilitadas e adxudicadas até o de agora co programa Rexurbe?*
- *Cantas vivendas foron rehabilitadas durante o ano 2023 ao abeiro deste programa?*
- *Cantas vivendas foron adxudicadas durante o ano 2023 ao abeiro do programa Rexurbe?*
- *Cantas vivendas foron rehabilitadas durante o ano 2024 ao abeiro deste programa?*
- *Cantas vivendas foron adxudicadas durante o ano 2024 ao abeiro do programa Rexurbe?*





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cal é a relación de actuacións realizadas durante o ano 2024 cos investimentos executados?

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2025

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Luís Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 07/05/2025 17:48:42

Luis Bará Torres na data 07/05/2025 17:48:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á valoración por parte do goberno galego da evolución da violencia machista en Galiza e dos últimos datos do Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente coñecemos o informe anual que elabora o Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero do Observatorio e que permite avaliar distintos indicadores en termos estatais e tamén galegos e, asemade, ofrece distintas reflexións que poden axudar a avaliar, mellorar e reconsiderar a estratexia respecto da violencia machista.

Neste último informe, se ben sinala que respecto dos feminicidios estaríamos na cifra máis baixa da serie histórica, os datos de asasinatos seguen a ser absolutamente insoportables, deixando máis dun asasinato machista por semana con 48 casos en todo 2024 no Estado español. Dentro desta cifra serían 5 en Galiza e hai que advertir, como vén sendo habitual, que moitos casos acaban por cualificarse como violencia de xénero con retardo por mor das investigacións. Esta cifra sería inferior ao promedio interanual que establecen os datos do Observatorio para o período 2003-2024 que é de 58,7 asasinatos por ano.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Outro dos datos que ofrece o Informe é a taxa de mortes por cada millón de mulleres de 15 ou máis anos nas comunidades autónomas que rexistraron algún caso no 2024. Neste sentido, desta volta Galiza representa un 4%, a segunda cifra máis alta do Estado, despois dun ano que nos deixou, de momento, 5 asasinatos recoñecidos como feminicidios.

Unha parte salientable do informe afonda nas características das vítimas, volvendo poñer de relevo que o problema afecta a todos os ámbitos e orixes, cunha ampla heteroxeneidade. Porén, unha das cuestións que reitera o Observatorio é a dificultade de acceder a información completa que permita perfilar as circunstancias socioeconómicas de vítima e agresor e a maneira en que esas circunstancias poidan condicionar a relación entre ambos.

En todo caso, o informe apunta cuestións como a lixeira elevación do promedio de idade das vítimas, a importancia do factor convivencia (66,7% do total), do parentesco ou relación familiar ou que a metade das vítimas serían de nacionalidade española. Outro dato relevante, tendo ademais en conta que durante anos estiveron invisibilizadas, é o referente ás vítimas menores. Así, 24 das asasinadas do Estado tiñan fillos ou fillas, de maneira que ata 40 menores quedaron en situación de orfandade polo asasinato das súas nais, cifra que se eleva ao dobre se temos en conta a todos os fillos e fillas sen acoutar a idade.

Por outra banda, o Informe afonda nas circunstancias da agresión e na liña doutros anos os domicilios son o espazo da agresión en máis de tres cuartas partes dos casos e os meses de verán son os que estatisticamente acumulan máis incidencia, tal e como teñen sinalado múltiples estudos. Así mesmo, segundo os datos máis recentes, o 31,33% das vítimas mortais tiñan presentado denuncia previa contra os seus agresores, cifra superior á do ano anterior e á do promedio histórico. En Galiza esta cifra é menor, dun 20%.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á luz dos datos anuais de 2024 e da perspectiva temporal e de experiencia que ofrecen os distintos datos e estudos, propios e alleos, que a Xunta de Galiza ten sobre a materia, é preciso avaliar que mecanismos de mellora introducir no inmediato así como coñecer a valoración que fai o goberno galego do momento actual e das perspectivas de futuro e actuación.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para escrita:

Que actuacións valora a Xunta de Galiza para intensificar as actuacións conducentes a reforzar e ampliar os recursos de loita contra a violencia machista á luz dos datos que manexa?

Como valora o goberno galego o balance do último ano pechado e do que vai de 2025?

Como valora, singularmente, a evolución dos feminicidios?

E da violencia vicaria?

Que medidas valora para mellorar a atención no ámbito da colaboración coas entidades locais?

E para garantir a formación dos operadores que interveñen na prevención e actuación en casos de violencia machista?

Que demandas vai trasladar ou trasladou de ámbito estatal?

Vai fortalecer o sistema público no lugar de favorecer a privatización de servizos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2025

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 07/05/2025 18:12:40

Olalla Rodil Fernández na data 07/05/2025 18:12:53

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 07/05/2025 18:13:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás prazas nas escolas infantís na comarca do Deza-Tabeirós e Terra de Montes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 6 de maio de 2025 publicáronse as listaxes de crianzas admitidas na rede pública de escolas infantís dependentes da Xunta de Galiza, á agarda das listaxes definitivas. Nestas lista, as crianzas da comarca do Deza- Tabeirós e Terra de Montes que quedaron en situación de agarda superaron as 70, nada sorprendente, xa que cada curso escolar se repite a situación da falla de oferta para asegurar conciliación que se sofre en concellos coma Silleda ou Lalín, onde quedaron en agarda 23 e 40 crianzas respectivamente, sen que haxa ningunha localidade na que todas as familias visen atendidas as súas demandas.

Malia que as prazas de escolas públicas non son abundas, o goberno galego ven de rexeitar 22 millóns de euros procedentes de fondos europeos que corresponden co mecanismo de recuperación e resiliencia e que tiñan como destino a creación de novas prazas de escola infantil no ámbito público. Coa escusa de que eses fondos non estaban creados para nós, foron restituídos antes incluso de finalizar o prazo para que fosen usados no noso país, alegando dende a Xunta de Galiza, entre outras cousas, que non podían ser usados para o financiamento da escolarización de 0-3 anos a través das escolas infantís privadas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A realidade é que a falla de prazas de escola infantís públicas afecta a todo o país pero, no caso dos concellos situados en áreas en reto demográfico ten unha maior importancia se a nosa intención é non colaborar a través da falla de servizos de conciliación co baleirado do rural galego, que afecta con especial énfase a zonas de Lugo, Ourense e as comarcas do interior de Pontevedra, coma á que nos referimos.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Considera a Xunta de Galiza que as crianzas da comarca de Deza-Tabeirós e Terra de Montes teñen a oferta abonda de prazas de escola infantil pública para as súas familias?
2. Considera acertada a devolución de 22 millóns procedentes de fondos de recuperación e resiliencia cando na comarca do Deza-Tabeirós e Terra de Montes temos un claro déficit de prazas de escola infantil pública que queda demostrada nas listaxes de agarda ano tras ano?
3. Que opcións se lle ofertarán ás familias da comarca que non teñan praza para as súas crianzas nas escolas infantís 0-3 e fiquen sen un servizo de conciliación que a Xunta de Galiza define coma universal?

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2025

Asdo.: Ariadna Fernández González
Deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 07/05/2025 18:29:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o anuncio dunha subvención a propietarios de vivendas baleiras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Debate do Estado da Nación de 2025 supuña unha oportunidade para dar resposta aos actuais problemas en materia de vivenda, mais que lamentablemente o Presidente da Xunta de Galiza non fixo. Para alén de recoñecer que este é un problema de primeira orde, o certo é que a única medida que puxo enriba da mesa foi a creación dunha subvención para propietarios de vivendas baleiras por un importe de 12.000€ de media e de até 16.000€ para cubrir todo tipo de gastos, que van dende o pago de seguros a obras de reforma coa condición de que se ofrezan en aluguer.

En realidade esta medida non é nova, xa que xa existe un programa coa mesma finalidade que leva o título de “Rehaluga” e que permite subvencionar actuacións de rehabilitación para as vivendas incluídas no Programa de Mobilización de vivendas para o aluguer (PMVA) . Este programa contempla axudas de 3.000€ no caso de que se aluguen segundo o prezo máximo estipulado no PMVA, 5.000€ o caso de que o prezo sexa entre un 10 e un 15% inferior a ese indicador, e 8.000€ se o prezo é aínda máis baixo. Estas axudas permiten costear obras de conservación e mantemento, de rehabilitación, de cambio de mobiliario e electrodomésticos da cociña ou o cambio de sanitarios.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por tanto o anunciado pola Xunta non é unha novidade, senón unha modificación dun programa xa existente e que, por certo, acadou en anos anteriores uns penosos resultados, como todos os programas de mobilización de vivenda baleira da Xunta do PP.

A medida anunciada abre numerosos interrogantes, a comezar pola continuidade do programa Rehaluga e o Programa de Mobilización de Vivendas para o Aluguer. Ademais o texto desa proposta de resolución introducida polo grupo parlamentario popular é extremadamente vaga e apenas fala de “reforzar as medidas que promovan a oferta de vivenda mediante apoios á rehabilitación de vivendas baleiras de particulares con destino ao mercado de alugueiro, a través de axudas directas do IGVS ao propietario”. Por tanto non se aclara cal será a contraprestación social esixible aos propietarios a cambio da subvención. Nese sentido o presidente da Xunta apenas dixo que estarán obrigados a asinar un contrato de cinco anos de duración, algo que xa é obrigatorio pola LAU.

O certo é que esta iniciativa enmárcase na cultura da propaganda oca da Xunta e na súa política real en vivenda consistente en transferir recursos económicos públicos cara aos propietarios sen mellorar o acceso á vivenda. Esta proposta súmase así a outras reformas xa introducidas pola porta de atrás nos recentes Orzamentos de 2025 en que aprobaron unha chea de beneficios fiscais a propietarios e na que incluíron, mediante unha emenda do grupo popular furtando así a posibilidade de emenda dos grupos, dúas deducións para propietarios de vivendas baleiras. En primeiro lugar até 9.000€ por vivenda por gastos derivados da adecuación dun inmovible baleiro con destino ao arrendamento como vivenda e, segundo, 500€ máis polo seu aluguer.

A falla de coñecer o detalle de dita subvención, podemos deducir, que no caso de que as subvencións e as deducións sexan complementarias, un propietario poderá





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

contar cun apoio público de 21.500€ de media pola reforma e aluguer dunha vivenda baleira. Pola contra os beneficios sociais serán practicamente nulos.

Por tanto, podemos concluír que é unha proposta continuísta cunha estratexia que apenas pretende aumentar os beneficios de propietarios, sen prestar atención ao retorno social dos recursos públicos.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- En que vai consistir a axuda á rehabilitación anunciada polo presidente da Xunta de Galiza no Debate do Estado da Nación de 2025?
- Cal vai ser o retorno social que espera acadar a Xunta con esta proposta?
- Cal é o investimento co que contará?
- Cando se vai pór en marcha?
- Como vai contribuír a mellorar o acceso á vivenda?
- Como se vai relacionar co programa Rehaluga?
- Estará vinculada ao programa PMVA?
- Será posible complementala coas desgravacións fiscais aprobadas?
- A axuda discriminará a subvención recibida segundo o tipo de propietario e a súa renda e capital?

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Alexandra Fernández Gómez

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 07/05/2025 18:30:34

Luis Bará Torres na data 07/05/2025 18:30:55





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2025 09:40:08
Nº Rexistro: 25111
Data envío: 08/05/2025 09:40:08,776

Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esta mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As infraestruturas desempeñan un papel clave no desenvolvemento de Galicia, xa que facilitan a conectividade, estimulan a actividade económica e aseguran o acceso equitativo aos servizos públicos. A súa mellora e expansión axudan a reducir as diferenzas entre territorios, fortalecen o sector produtivo e elevan a calidade de vida da poboación. Así pois, investir en infraestruturas é fundamental para o desenvolvemento sostible e equilibrado de Galicia, asegurando a súa competitividade e benestar futuro.

A LU-611, ao seu paso polo municipio de Taboada, é unha vía de gran importancia para a conectividade desta localidade e outras zonas rurais circundantes. Esta estrada desempeña un papel fundamental na comunicación e mobilidade dos veciños, así como nas actividades económicas da área, que inclúen o sector agrícola, comercial e turístico. A mellora e o mantemento desta vía son, polo tanto, elementos clave para garantir o benestar dos habitantes de Taboada e a súa integración na rede viaria autonómica.

Nos últimos anos, a estrada LU-611 presentou un deterioro significativo no seu firme, consecuencia tanto do paso do tempo como do uso intensivo, que se ve amplificado polos efectos climatolóxicos. Dada a relevancia desta vía para o desenvolvemento e a seguridade do municipio de Taboada, a súa rehabilitación debe de ser unha prioridade.

Non obstante, estas melloras non se deben limitar só ao tramo que atravesa Taboada, senón que deberían estenderse tamén a outras vías do municipio e áreas limítrofes que presentan deficiencias semellantes. A rehabilitación e





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2025 09:40:08
Nº Rexistro: 25111
Data envío: 08/05/2025 09:40:08.776

mantemento das infraestruturas viarias en toda a zona deben ser unha prioridade para garantir unha rede de comunicación segura e accesible, que faga posible o desenvolvemento económico e social, favoreza a integración das zonas rurais e mellore a calidade de vida da poboación.

Por todo isto, resulta fundamental que a rehabilitación da LU-611 ao seu paso por Taboada se considere unha prioridade nas políticas de infraestruturas da Xunta de Galicia, co obxectivo de garantir a seguridade viaria e apoiar o desenvolvemento integral da comarca.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cando ten previsto a Xunta de Galicia comezar as obras de rehabilitación da LU-611 ao seu paso por Taboada?
2. Que medidas concretas adoptará a Xunta de Galicia para garantir que a rehabilitación integral da LU-611 ao seu paso por Taboada sexa executada de maneira eficaz?

Santiago de Compostela, a 8 de maio do 2025

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 08/05/2025 09:34:45

Carlos López Font na data 08/05/2025 09:34:56

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

83887

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este pasado luns 5 de maio, tras ser aprazada polo apagamento da semana pasada, o Ministerio de Xuventude e Infancia convocou novamente ás comunidades autónomas na conferencia sectorial para avanzar no plan para derivar aos nenos, nenas e adolescentes migrantes non acompañados, que na actualidade se atopan en Ceuta e as Illas Canarias, nun sistema que non ten capacidade para dar atención aos aproximadamente 4000 menores que chegaron ás fronteiras do estado español nos últimos meses.

Nesa conferencia as CCAA cuxos gobernos ostenta o PP rexeitaban novamente os criterios seguidos á hora destes traslados, que comezarán a levarse a cabo segundo as previsións que se deron a coñecer, neste próximo verán. O noso país, representado na reunión pola Conselleira de Política Social, Dona Fabiola García, fixo saber que non estaba de acordo co acollemento dos 326 menores non acompañados que terán como destino Galiza, cunhas afirmacións desafortunadas por parte da máxima responsable nesta área, cuxas competencias son exclusivas.

Tras recoñecer en recentes ocasións que o noso sistema de protección estaba sobreesaturado, ofrecendo datos concretos dun 108% de ocupación, co que iso implica no bo desenvolvemento dos centros residenciais de menores, sexa cal sexa a súa tipoloxía, e en todos aqueles organismos que traballan para a protección de todos os





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

nenos, nenas e adolescentes, que non teñen medios técnicos nin humanos para levar a cabo as súas funcións de xeito axeitado por falla de recursos.

Nas declaracións realizadas e, tras solicitar ao igual que os seus homólogos do PP a nulidade da conferencia sectorial con mención a unha posible presentación de recurso nos tribunais, a responsable máxima da Consellería de Política Social, referiuse á distribución con expresións coma “vai rebotar o sistema de protección galego” ou “vamos ter que crear guetos, parece que é o que pretende o Goberno”. Estas afirmacións foron repetidas posteriormente en sede parlamentar dous días despois tras unha interpelación do BNG sobre o sistema de protección de menores galego e o seu estado de falla de recursos e desleixo perpetuo no que a Xunta de Galiza o mantén sumido, cun baixo investimento, falla de planificación e falla de avaliación da súa totalidade e creación dun plan concreto tras analizar as eivas.

O uso deses termos (imposicións, guetos, rebotar o sistema, trágalas, etc) e as acusacións que se verten sobre este colectivo de menores, culpabilizándoos de que a súa chegada exercerá presión sobre os nosos servizos públicos, non son propios dun membro do goberno galego.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Rectificará a Conselleira de Política Social sobre as súas declaracións a respecto dos menores migrantes non acompañados e acollerá a todos aqueles nenos, nenas e adolescentes migrantes que cheguen a Galiza aumentando o investimento e os recursos no sistema de protección de menores galego?

. Aumentará a Xunta de Galiza o número de prazas nos centros residenciais de menores para garantir a acollida de todos os nenos e nenas que o precisen, sexa cal sexa





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a súa orixe e desenvolverá un programa de concienciación sobre a importancia das familias de acollida, aumentando as contías compensatorias que estas familias perciben?

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2025

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 08/05/2025 12:12:45





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2025 13:23:40
Nº Rexistro: 25157
Data envío: 08/05/2025 13:23:40.559

Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana e María del Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 5 de maio, asínanse os acordos de xestión para as sete áreas sanitarias de Galicia, que son os instrumentos para materializar a xestión sanitaria, vinculados á planificación estratéxica con obxectivos de cada área.

Os obxectivos expóñense en tres grandes áreas: asistencial, recursos humanos e recursos económicos.

Por outra parte, en canto ás áreas asistenciais, diferéncianse catro bloques: eficiencia asistencial e sostible, calidade asistencial, integración asistencial e resultados de saúde.

E para realizar o seguimento establécense un conxunto de indicadores. Nesta iniciativa non imos entrar en todos eles senón centralos nalgún ámbito concreto.

Os acordos de xestión din que a prioridade do Sergas é acadar a máxima accesibilidade, e a saúde mental consolídase como unha prioridade transversal para todo o sistema sanitario galego.

E sabemos que un dos asuntos que máis preocupa os galegos e galegas en relación coa sanidade pública son as listas de espera. E para o Sergas debería ser unha liña de traballo prioritaria.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2025 13:23:40
Nº Rexistro: 25157
Data envío: 08/05/2025 13:23:40.559

Por este motivo é difícil de entender algúns dos obxectivos que se prevén nos acordos de xestión.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Vai a Xunta de Galicia a rebaixar os días da vía rápida para atención a conducta suicida en adultos e infanto xuvenil que figura no acordo de xestión da Área Sanitaria de Ourense?
2. Vai a Xunta de Galicia a modificar o acordo de Xestión da Área Sanitaria de Ourense para que o tempo medio de espera para unha cirurxía sexa inferior a 69,5 días que son os días de espera a 31.12.2024?
3. Vai a Xunta de Galicia a modificar o acordo de Xestión da Área Sanitaria de Ourense para que o tempo medio de espera para unha cirurxía en prioridade 1 sexa inferior a 12,7 días que son os días de espera a 31.12.2024?

Santiago de Compostela, a 8 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 08/05/2025 13:22:12

Carmen Rodríguez Dacosta na data 08/05/2025 13:22:22

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

83892

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as axudas a zonas con limitacións naturais en zonas de montaña no ano 2025.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A ORDE do 25 de febreiro de 2025 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao sistema integrado de xestión e control publicada no DOG o pasado 5 de marzo trouxo consigo unhas novidades con respecto ao ano 2024

Dentro das axudas que figura nesta orde de axudas da PAC 2025 están dúas que xa teñen unha longa tradición dentro das axudas agrarias. Estas axudas son as de zonas con limitacións naturais en zonas de montaña e zonas con limitacións naturais en zonas distintas de montaña; o nome variou ao longo dos anos destas axudas, pero o obxectivo final era o mesmo.

Estas dúas axudas son fundamentais para as explotacións de gando extensivo, tanto de vacún carne e leite como de ovino cabrún, principalmente nas zonas de montaña. A sorpresa dos gandeiros de vacún de carne e de ovino, nas zonas de montaña é maiúsculo co cambio de criterios da Xunta do PP.

Este cambio de criterios implica que moitas explotacións van quedar fora destas axudas por non cumprir os novos requisitos e por outra banda os que cumpran os requisitos van recibir un volume de axudas moi inferior as do ano 2024. Estes criterios que afectan van dende o cambio de relación de animal e UGM, sexa vacún de carne ou





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ovino, até a contía de axuda por hectárea e a degresividade por superficie. Este cambio de criterios, curiosamente non cambia nas explotacións de zonas con limitacións naturais distintas de montaña e con vacún de leite.

Parece que a Xunta de Galiza se esquece das explotacións das zonas de montaña da Galiza interior, da Galiza con menos actividade agraria e que debера ser máis apoiada. Parece que as poucas explotacións de ovino e as de vacún de carne estorban.

Non se entende como pode ser que se cobre máis axuda en zonas xeográficas máis produtivas; cando debería ser ao revés.

Parece que esta consellería pretende ir eliminando estas explotacións agrarias, as que debера potenciar son excluídas e boicoteadas polo goberno da Xunta de Galiza.

Dende o BNG non entendemos que se siga pondo limitacións as explotacións; non entendemos esta actuación da Xunta do PP contrario as mulleres e homes que están traballando e vivindo no rural e que decidiron apostar por un tipo de explotación respectuoso co medio ambiente e que produce alimentos de alta calidade nun territorio que está nun franco despoboamento.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Por que a Xunta de Galiza cambiou os criterios no 2025 respecto as existentes no 2024 nas axudas da zona con limitacións naturais nas zonas de montaña?

Que opinión teñen na Xunta de Galiza destas explotacións de ovino e vacún de carne?

Considera a Xunta de Galiza que as explotacións de vacún de carne e de ovino son necesarias e prioritarias para o mantemento do territorio nas zonas de montaña?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por que a Xunta de Galiza boicotea estas explotacións tan necesarias para as zonas de montaña da Nosa Terra?

Canto diñeiro van perder as explotacións gandeiras de vacún de carne e ovino das zonas de montaña cos novos criterios respecto aos que existían no 2024?

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2025

Asdo.: **Secundino Fernández Fernández**

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 08/05/2025 13:22:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre obras de mellora do Hospital Provincial.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo as previsións da área sanitaria Pontevedra-Salnés, o Hospital Provincial de Pontevedra vai seguir mantendo a actividade sanitaria cando entre en funcionamento o Novo Hospital de Montecelo.

Tendo en conta que só se van trasladar algúns servizos ao novo hospital, e que aínda non hai un calendario claro sobre a remodelación do actual Montecelo, a previsión é que o Provincial siga en funcionamento cando menos até o ano 2030. As especulacións sobre pretendidos futuros usos non sanitarios do Provincial son polo tanto foguetes de artificio e intentos de desviar a atención.

Segundo informacións recentes, a previsión é manter no Provincial, en tanto non se reforme o hospital Montecelo, a hospitalización en Oncoloxía, Psiquiatría, coidados paliativos e unidades de cirurxía ambulatoria. Outros servizos como pediatría, urxencias pediátricas, partos, xinecoloxía, obstetricia ou neuroloxía está previsto que se trasladen ao Novo Montecelo unha vez que rematen as obras.

Tendo en conta esta continuidade da actividade hospitalaria no Provincial, é necesario prever a realización de obras para renovar e modernizar as instalacións, xa que hai espazos que teñen importantes deficiencias materiais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlense as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que previsións ten a Xunta sobre a continuidade da actividade sanitaria no Hospital Provincial de Pontevedra?

Que servizos está previsto trasladar ao Novo Hospital Montecelo e en que prazos?

Tendo en conta a continuidade da actividade sanitaria, ten previsto a Xunta levar a cabo obras de conservación e mellora no Hospital Provincial?

Que previsións orzamentarias, de calendario e de usos ten a Xunta para o hospital de Montecelo?

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 08/05/2025 13:46:02

María Montserrat Prado Cores na data 08/05/2025 13:46:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 08/05/2025 13:46:21





Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana, Patricia Iglesias Rey e Julio Ernesto Abalde Alonso, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esta mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito** .

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 5 de maio asináronse os acordos de xestión para as sete áreas sanitarias de Galicia, que son os instrumentos para materializar a xestión sanitaria, vinculados á planificación estratéxica con obxectivos de cada área.

Os obxectivos plantéxanse en tres grandes áreas: Asistencial, Recursos Humanos e Recursos Económicos.

Por outra parte, en canto ás áreas asistenciais diferéncianse catro bloques: eficiencia asistencial e sostible, calidade asistencial, integración asistencial, e resultados de saúde.

Para realizar o seguimento, establécese un conxunto de indicadores. Nesta iniciativa non imos entrar en todos eles, senón que imos centralos nalgún ámbito concreto.

Os acordos de xestión din que a prioridade do Sergas e acadar a máxima accesibilidade e ademais, a saúde mental consolídase como unha prioridade transversal para todo o sistema sanitario galego.

Tamén sabemos que un dos asuntos que máis preocupa aos galegos e ás galegas en relación coa sanidade pública son as listas de espera. E para o Sergas debería ser unha liña de traballo prioritaria.

Por este motivo é difícil de entender algúns dos obxectivos que se prevén nos acordos de xestión.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 25182
Data envío: 08/05/2025 14:19:18.454

1. Vai a Xunta de Galicia rebaixar os días da vía rápida para atención a conducta suicida en adultos e infanto xuvenil que figura no acordo de xestión da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza?
2. Vai a Xunta de Galicia modificar o acordo de xestión da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, para que o tempo medio de espera para unha cirurxía sexa inferior a 73,5 días que son os días de espera a 31/12/2024?
3. Vai a Xunta de Galicia modificar o acordo de xestión da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, para que o tempo medio de espera para unha cirurxía en prioridade 1, sexa inferior a 18,9 días que son os días de espera a 31/12/2024?

Santiago de Compostela, a 8 de maio do 2025

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 08/05/2025 14:15:44

Patricia Iglesias Rey na data 08/05/2025 14:15:54

Julio Abalde Alonso na data 08/05/2025 14:16:03

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

83900

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 25187
Data envío: 08/05/2025 14:54:46.630

Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinoza Mangana, Silvia Longueira Castro, Patricia Iglesias Rey e Julio Ernesto Abalde Alonso, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O día 5 de maio, asínanse os acordos de xestión para as 7 áreas sanitarias de Galicia, que son os instrumentos para materializar a xestión sanitaria, vinculados á planificación estratéxica con obxectivos de cada área. Os obxectivos divídense en 3 grandes áreas: Asistencial, Recursos Humanos e Recursos Económicos.

En canto aos obxectivos de Asistencia Sanitaria estes enmárcanse en catro bloques estratéxicos: Eficiencia asistencial e sostibilidade, calidade asistencial, integración asistencial e resultados de saúde. Ademais, para realizar o seguimento en cada área establécese un conxunto de indicadores. Nesta iniciativa non vamos a entrar en todos eles senón que imos centrarnos nalgúns ámbitos concretos.

Os acordos de xestión din que a prioridade do SERGAS e acadar a máxima accesibilidade e a saúde mental consolídase como unha prioridade transversal para todo o sistema sanitario galego. Por outra banda, sabemos que un dos asuntos que máis preocupa os galegos e galegas en relación coa sanidade pública son as listas de espera, por tanto, para o SERGAS debería ser unha liña de traballo prioritaria. Por este motivo é difícil de entender algúns dos obxectivos que se contemplan nos acordos de xestión.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

83901

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 25187
Data envío: 08/05/2025 14:54:46.630

1. Vai a Xunta de Galicia a rebaixar os días da vía rápida para atención a conducta suicida en adultos e infanto xuvenil que figura no acordo de xestión da Área Sanitaria da Coruña e Cee?
2. Vai a Xunta de Galicia a modificar o acordo de Xestión da Área Sanitaria da Coruña e Cee para que o tempo medio de espera para unha cirurxía en prioridade 1 sexa inferior a 17 días que son os días medios de espera ao 31 de decembro do 2024?

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 08/05/2025 14:49:58

Silvia Longueira Castro na data 08/05/2025 14:50:08

Patricia Iglesias Rey na data 08/05/2025 14:50:21

Julio Abalde Alonso na data 08/05/2025 14:50:39

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

83902

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 25192
Data envío: 08/05/2025 15:06:09.871

Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana e Julio Ernesto Abalde Alonso, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O día 5 de maio, asínanse os acordos de xestión para as 7 áreas sanitarias de Galicia, que son os instrumentos para materializar a xestión sanitaria, vinculados á planificación estratéxica con obxectivos de cada área. Os obxectivos divídense en 3 grandes áreas: Asistencial, Recursos Humanos e Recursos Económicos.

En canto aos obxectivos de Asistencia Sanitaria estes enmárcanse en catro bloques estratéxicos: Eficiencia asistencial e sostibilidade, calidade asistencial, integración asistencial e resultados de saúde. Ademais, para realizar o seguimento en cada área establécese un conxunto de indicadores. Nesta iniciativa non vamos a entrar en todos eles senón que imos centrarnos nalgúns ámbitos concretos.

Os acordos de xestión din que a prioridade do SERGAS e acadar a máxima accesibilidade e a saúde mental consolídase como unha prioridade transversal para todo o sistema sanitario galego. Por outra banda, sabemos que un dos asuntos que máis preocupa os galegos e galegas en relación coa sanidade pública son as listas de espera, por tanto, para o SERGAS debería ser unha liña de traballo prioritaria. Por este motivo é difícil de entender algúns dos obxectivos que se contemplan nos acordos de xestión.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

83903

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 25192
Data envío: 08/05/2025 15:06:09.871

1. Vai a Xunta de Galicia a rebaixar os días da vía rápida para atención a conducta suicida en adultos e infanto xuvenil que figura no acordo de xestión da Área Sanitaria de Ferrol?
2. Vai a Xunta de Galicia a modificar o acordo de Xestión da Área Sanitaria de Ferrol para que o tempo medio de espera para unha cirurxía sexa inferior a 53,8 días que son os días medios de espera ao 31 de decembro do 2024?
3. Vai a Xunta de Galicia a modificar o acordo de Xestión da Área Sanitaria de Ferrol para que o tempo medio de espera para unha cirurxía en prioridade 1 sexa inferior a 14,2 días que son os días medios de espera ao 31 de decembro do 2024?

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 08/05/2025 15:03:22

Julio Abalde Alonso na data 08/05/2025 15:03:33

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

83904

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2025 17:51:25
Nº Rexistro: 25199
Data envío: 08/05/2025 17:51:25.619

Á MESA DO PARLAMENTO

María Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

No ano 2024, en relación co 2023, a sinistralidade mortal aumentou un 14,3 % e un 14,4 % a grave. E xa van 9 falecidos nos dous primeiros meses de 2025, tres máis que hai un ano.

As cifras están aí e demostran que a sinistralidade laboral segue a ser a gran secuela do mercado de traballo.

No ano 2024 rexistráronse en Galicia, segundo os datos publicados polo Issga, 30.359 accidentes laborais, no ano anterior contabilizáronse 30.423 accidentes, o que supón un lixeiro descenso. Hai que precisar que todas estas cifras inclúen os accidentes “*in itinere*” e só os accidentes con baixa.

Deste total, 29.826 foron accidentes de carácter leve, 469 graves e 64 mortais. Por sector de actividade económica (só se detallan os sinistros en xornada, non os *in itinere*, xa que o Issga non facilita esta estatística desagregada, agricultura acumulou en 2024 un total de 1.157 sinistros; pesca, 651; industria, 6.793; construción, 4.267; e servizos, 14.278. Dos mortais, 23 corresponden ao sector servizos, 12 á construción, 9 á industria, 7 á pesca e 7 á agricultura.

Dentro dos accidentes laborais mortais (o Issga nas estatísticas non inclúe neste desglose os *in itinere*), 26 producíronse por infartos e outras patoloxías non traumáticas, o que representa o 45 % do total, sendo os máis numerosos, segundo os datos facilitados polo Issga. Despois están as mortes producidas





por choques ou golpes contra obxectos en movemento, con 11 persoas falecidas, o 19 % do total.

Caídas e golpes con esmagamentos contra obxectos inmóbiles acumula 7 falecidos e 10 os atrapamentos e amputacións. Dúas mortes producíronse por contacto con corrente eléctrica, lume ou substancias perigosas, unha por contacto con axente cortante ou punzante e unha por afogamento ou sepultamento.

Neste senso, as organizacións sindicais como UGT-Galicia demandan políticas que atendan á redución da incidencia dos riscos spicosociais entre a poboación traballadora, xa que tanto os infartos como os derrames cerebrais son patoloxías asociadas a este tipo de riscos laborais.

En canto ao índice de incidencia, accidentes por cada 100.000 traballadores, en Galicia este foi en 2024 de 2.588,54. Este índice, no caso dos sinistros mortais, situouse no 5,53, 0,69 puntos máis que hai un ano.

Tampouco se poden esquecer os accidentes de traballo nos que non foi necesaria a baixa, un total de 13.104 no 2024.

Por iso, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Que valoración realiza a Xunta de Galicia en relación co aumento da sinistralidade laboral no ano 2024?
2. Realizou a Xunta de Galicia algún estudo que explique as razóns deste aumento?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2025 17:51:25
Nº Rexistro: 25199
Data envío: 08/05/2025 17:51:25.619

3. De que forma está a incorporar o Goberno galego a perspectiva de xénero na loita contra a sinistralidade e a transición dixital?

4. Vai acometer o Goberno galego un plan estratéxico de seguridade e saúde laboral?

5. De ser positiva a anterior resposta, que orzamento lle van dedicar?

6. Vai realizar o Goberno galego algunha campaña específica de prevención de riscos para o sector servizos, construción, industria, agricultura ou pesca?

Parlamento de Galicia, 8 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 08/05/2025 17:48:18

Elena Espinosa Mangana na data 08/05/2025 17:48:30

Silvia Longueira Castro na data 08/05/2025 17:48:41

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

83907

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2025 18:00:17
Nº Rexistro: 25204
Data envío: 08/05/2025 18:00:17.347

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O concello de Bueu non é alleo á situación de colapso na que se atopa a Atención Primaria en Galicia o que está a provocar un grave prexuízo á cidadanía.

Este concello ten unha poboación de arredor de 12.000 habitantes que se triplica nos meses de verán e onde o 35 % son maiores de 65 ou menores de 14 anos.

O PAC de Bueu presenta moitísimas carencias que están a provocar un gran agravio e obrigan aos usuarios a se desprazaren a outros concellos, cunha distancia de aproximadamente 15 km co concello de Marín e a 23 km dos centros de referencia para pediatría (Hospital Provincial) e para as diferentes especialidades (Hospital Montecelo).

O agravio que supón o traslado increméntase porque o acceso en bus ao Hospital de Montecelo non chega o concello de Bueu.

O servizo de autobús supón un servizo de primeira necesidade para permitir o acceso aos servizos sanitarios da poboación bueuense.

Este servizo dunha liña directa de autobús xa existe no concello de Marín polo que só sería necesario ampliar o servizo ao concello limítrofe, para evitar así a situación actual na que estas persoas teñen que se trasladar nun bus á estación de autobuses de Pontevedra e alí facer un cambio de autobús a outro





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2025 18:00:17
Nº Rexistro: 25204
Data envío: 08/05/2025 18:00:17.347

que sobe ata o Hospital de Montecelo, e igual para volver, situación que se agrava aínda máis no caso de persoas enfermas ou con algún grao de dependencia.

Dende o Grupo Socialista defendemos que o Sergas ten que proporcionar unha asistencia sanitaria en igualdade de condicións, independentemente da cor política dos concellos e denunciámos que na actualidade se está a discriminar a algúns galegos e galegas respecto doutros.

Por iso, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Vai o Goberno galego ampliar ao concello de Bueu o servizo de liña directa de autobús que existe entre o Centro Hospitalario de Montecelo e o concello de Marín?

Parlamento de Galicia, 7 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 07/05/2025 13:11:23

Elena Espinosa Mangana na data 07/05/2025 13:11:34

Silvia Longueira Castro na data 07/05/2025 13:11:45

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

83909

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2025 18:02:03
Nº Rexistro: 25209
Data envío: 08/05/2025 18:02:03.533

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Os servizos públicos de atención para os maiores no termo de Cerdedo dentro do concello de Cerdedo-Cotobade están constituídos por unha nova residencia de 18 prazas, que comezou a funcionar en abril de 2023 e anexo ao Fogar residencial, un centro de día con 30 prazas que leva funcionando dende o ano 2008, e ambos forman parte da Rede do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, integrado pola Xunta de Galicia.

O pasado ano 2024 o Goberno galego fixo obras de mellora nestes centros pero non tivo en conta unha antiga demanda do persoal do centro, dos usuarios e as súas familias consistente na posibilidade de instalar a continuación do beiril que cobre a zona de entrada unha solución, como unha pérgola ou similar, ata a parada do bus que permita que as persoas usuarias poidan acceder á residencia sen mollarse os días de choiva.

Esta demanda foi a maiores trasladada ao Pleno do concello nunha moción presentada polo Partido Socialista, que se aprobou por unanimidade co compromiso do alcalde de trasladar á Xunta esta demanda, pero transcorrido un ano non se sabe nada deste tema.

Por outra banda, existe unha pequena zona exterior común a ambos centros cunhas cadeiras, un espazo que resulta claramente insuficiente para todos os usuarios e ademais carece de sombra, necesaria nos días de sol.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

83910

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2025 18:02:03
Nº Rexistro: 25209
Data envío: 08/05/2025 18:02:03.533

Dende o Grupo Socialista cremos que o Goberno da Xunta debería mellorar a zona exterior de desfrute dos maiores, usuarios destes centros, e unha forma sería comprar unha parcela situada na parte de atrás do centro de día.

Unha pequena parcela que sería moi axeitada para conseguir unha zona de espaxamento e sombra nos meses de máis calor e incluso se podería radicar nela unha pequena horta para poder ampliar a actividade de ocio.

Ante esta situación, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Vai o Goberno galego mellorar o acceso e ampliar a zona exterior dos servizos públicos de atención para as persoas maiores no termo de Cerdedo dentro do concello de Cerdedo-Cotobade?

Santiago de Compostela, 8 de mayo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 08/05/2025 17:32:47

Elena Espinosa Mangana na data 08/05/2025 17:33:01

Silvia Longueira Castro na data 08/05/2025 17:33:12

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

83911

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a posta en marcha dunha estratexia para a atención integral á saúde sexual e reprodutiva das galegas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A OMS afirma que a saúde das mulleres e nenas está influenciada pola bioloxía relacionada có sexo, o xénero e outros determinantes sociais. Detectar e cubrir as necesidades sanitarias da muller é un dereito e un deber dos servizos sanitarios públicos, que ademais debe recoñecer as achegas das mulleres á saúde da sociedade na súa función produtiva e reprodutiva, como consumidoras e ao mesmo nivel como prestadoras de asistencia sanitaria.

Hai consenso mundial en que a atención da saúde da muller debe facerse cun enfoque que englobe o seu ciclo vital completo, o que permitirá advertir de que forma as intervencións na infancia, adolescencia, a etapa reprodutiva e ata o final da súa vida, inflúen no estado de saúde ulterior e na de xeracións futuras.

As matronas son profesionais recoñecidas e cualificadas na atención á saúde das mulleres, non só na súa etapa de maternidade (xestación, parto, puerperio e lactación) senón tamén ao longo de toda a súa vida sexual, desde a nenez ata a senectude.

A evidencia demostra que os coidados levados a cabo por matronas conseguen bos resultados de saúde, con menores taxas de intervencións, menores custos e maior satisfacción para ás mulleres. As matronas non só abordan aspectos reprodutivos das mulleres, senón tamén formación e información afectivo-sexuais, asesoramento sobre





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

saúde menstrual, contracepción, interrupción do embarazo, climaterio, papel relevante na detección de saúde mental materna, da violencia de xénero, dispareunia...

A pesares de todo o dito e dos evidentes beneficios que aportan as matronas para a atención á saúde das mulleres as eivas no Sergas é palmaria.

En primeiro lugar en canto ao número existentes, Galiza é unha das Comunidades Autónomas coa ratio matrona/muller máis baixos. Conta cun número insuficiente de matronas para ofrecer a atención e coidados especializados que requiren as galegas. Este déficit é especialmente visíbel en Atención Primaria, ao tempo que existe unha grande inequidade en función da zona xeográfica de Galiza onde viva unha muller, da área sanitaria, con maior repercusión nas mulleres do rural, que ven minguada a oferta sanitaria.

Existe tamén unha dotación inadecuada de espazos físicos e materiais tanto nas consultas destas profesionais como para realizar as actividades de educación sexual, reprodutiva e maternal.

É preciso un enfoque das políticas sanitarias dirixidas á prevención e promoción da saúde das mulleres, evitando a súa hipermedicación. Unha atención que debe ser proporcionada pol@s profesionais axeitadas, entre @s que @s matronas teñen un papel fundamental.

A todo o exposto hai que engadir que o sistema retributivo das matronas de Galiza en Atención Primaria non se adapta á realidade actual. Está baseado nun mapa sanitario do ano 1989 que non recolle a poboación actual dos concellos, non se lle recoñecen conceptos que se lle pagan a outros colectivos: número de tarxetas sanitarias, dispersión, illamento, non recoñece a carteira de servizo actual, non ten unha ratio de mulleres a atender. En suma unha disfuncionalidade entre os servizos prestados e as retribucións percibidas. Discriminación maior nas área sanitaria de A Coruña e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Compostela, teñen salarios por debaixo do resto do país pola aplicación dun coeficiente de dispersión inferior ao que se aplica nas outras áreas sanitarias.

O acceso a coidados de calidade é un dereito humano básico, tamén das mulleres, mais non é posíbel se non existen rateos axeitados de profesionais para atender as súas necesidades, se a estas profesionais non se lle recoñecen os seus dereitos, dispositivos suficientes e ben dotados.

Por todo o exposto formúlense as seguintes preguntas para resposta escrita:

Cal é estratexia da Xunta para a atención integral á saúde sexual e reprodutiva das mulleres?

A que agarda o Sergas para iniciar a negociación en Mesa Sectorial do réxime xurídico e do sistema retributivo das Matronas de Atención Primaria?

